



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE
(ACTA NÚMERO 37)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández.

D. José Luís Raposo Magdalena

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte de novembro de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste a Sra. Deputada D^a. Mónica Freire Rancaño.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRECE DE NOVIEMBRE DE DOS MIL VINTE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trece de novembro de dous mil vinte que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS E O CONTROL E PREVENCIÓN DA LEXIONELOSIS NOS CENTROS DE ATENCIÓN AS PERSOAS MAIORES DE A FONSAGRADA, POL, TRABADA, PEDRAFITA DO CEBREIRO, CASTROVERDE, MEIRA, RIBAS DE SIL E NAVIA DE SUARNA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Os efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo de inspección e mantemento das instalacións de protección contra incendios nos edificios pertencentes á Deputación provincial de Lugo, consta no mesmo:

Providencia de inicio e memoria xustificativa do contrato, con CSV: V7G6GZ0AE5DZ3PPUQADKXYBCI.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7G6IJKNNMT6XVNZU6AKBSWIY.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7G6GZPJDRKJOWIWENMM4BVM4.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV:
IV7G6P2TP7725HGOQZ7DCTTO54.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral Adxunta, con CSV: IV7G6PZJCAV2VROY3QGWE42VKU.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV:
IV7G6MAMHYPPRRN53T6EKH76KI.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións térmicas e o control e prevención da lexiónelosis nos centros de atención as persoas maiores de A Fonsagrada, Pol, Trabada, Pedrafita do Cebreiro, Castroverde, Meira, Ribas de Sil e Navia de Suarna, cunha duración ata o 20 de xuño de 2022.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público.

3º.-Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación, non suxeito a regulación harmonizada, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa

aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 60.773,46 euros. O orzamento base de licitación inclúe 10.547,46 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 50.226,00 euros de base, e distribúese atendendo ao seguinte desglose:

1º ano (orzamento 2021): De 1 de xaneiro de 2021 a 31 de decembro de 2021: 42.681,54 euros.

2º ano (orzamento 2022): De 1 de xaneiro de 2022 a 20 de xuño de 2022: 18.091,92 euros.

O importe do contrato finánciase de acordo as seguintes anualidades:

CENTRO	APLICACIÓN	IMPORTE 2021	IMPORTE 2022	RC
CAM FONSAGRADA	2315.212	4.704,48	2.261,49	220209/914
CAM POL	2315.212	4.704,48	2.261,49	220209/916
CAM TRABADA	2315.212	4.704,48	2.261,49	220209/918
CAM PEDRAFITA	2315.212	7.850,48	2.261,49	220209/920
CAM CASTROVERDE	2315.212	4.704,48	2.261,49	220209/924
CAM MEIRA	2315.212	5.965,91	2.261,49	220209/925
CAM RIBAS DE SIL	2315.212	4.081,33	2.261,49	220209/926
CAM NAVIA DE SUARNA	2315.212	5.965,90	2.261,49	220209/927
SUMA		42.681,54	18.091,92	
TOTAL		60.773,46		

A presente proposta de gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2021 e 2022 as cantidades indicadas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN, CONEXIÓN, MANTEMENTO, DESMONTAXE E ALMACENAMENTO, MEDIANTE ARRENDAMENTO SEN OPCIÓN DE COMPRA DOS ELEMENTOS DECORATIVOS QUE ILUMINARÁN A FACHADA DO EDIFICIO DE SAN MARCOS DURANTE AS FESTAS DO NADAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 13 de novembro de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Proposta de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV7GVXCYBBXN3KRKDVPGEB2D6E.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IIV7GWDXDLDW6ZGX6UB4S757V6M.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7GWDXDBLRC6VMSAHW55YHG7Y.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7GWSYSZUOCTSOLRQ5RH5COB4.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7GQTZKHJRTKRB6YF5GCNXUCI.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7GQTZJMHXZYWO7WVOBEXXX6Q.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV:IV7GQXC4BZGI7ZMO5TXQM7TDD4.

Proposta de Presidencia, con CSV:IV7GQTZDDYP6J2Z2QUHN75BC4A.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 09 de outubro do 2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV:IV7GQL3SJENV5DJOQA4S47ZOD4.

Publicación, o día 15 de outubro do 2020, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 03 de novembro do 2020, na que se recolle o seguinte:

“Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes:

LICITADORES
SERVICIOS ELÉCTRICOS LOIS, S.L.

Tendo en conta que o licitador concorrente presentou a súa proposta dentro do prazo estipulado, procédese á apertura do sobre electrónico único e exame do Anexo I (modelo de declaración responsable sobre o cumprimento de requisitos previos), resultando que presenta a documentación correctamente. A mesa de contratación acorda admitir a proposta presentada ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo III (modelo de proposición económica con criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas),cos seguintes resultados:

LICITADORES	Oferta económica (máximo 90 puntos)		Ampliación dos compoñentes a instalar por riba do mínimo esixido.Valorarase cun máximo de 10 puntos.	
SERVICIOS ELÉCTRICOS LOIS, S.L.	8.403,45 euros (a oferta iguala o prezo base de licitación)	0 puntos (Aquelas ofertas que igualen o prezo de licitación serán valoradas con 0 puntos)	Non oferta	0 puntos

A Mesa acorda, por unanimidade, publicar na Plataforma de Contratación do Sector Público as puntuacións totais e adoptar os seguintes acordos.

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	SERVICIOS ELÉCTRICOS LOIS, S.L.	0 puntos

Requirir, no caso de que sexa precisa, a documentación adicional que complemente a información extraída da consulta do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) ou do Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (RXC), que deberá aportarse no prazo de sete días hábiles, pola empresa Servicios Eléctricos Lois, S.L. de conformidade co artigo 159.4 da LCSP.”

Consta no expediente requirimento de documentación administrativa cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 09 de novembro de 2020.

Acredítase no expediente presentación de documentación administrativa por parte da empresa Servicios Eléctricos Lois, S.L. o día 09 de novembro, dentro do prazo concedido a tales efectos.

Reunida a Mesa o día de hoxe, en primeiro lugar, procedeuse ao exame da documentación presentada polo licitador Servicios Eléctricos Lois, S.L. cos seguintes resultados:

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

Presenta certificado de inscrición no rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas, onde se acredita :

Personalidade, capacidade do empresario e representación.

Achega escritura pública de constitución da sociedade limitada, outorgada o día 10 de setembro de 2019, ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. José Manuel López Cedrón, con número de protocolo 2566.

Non é preciso bastanteo de poder, posto que o asinante da proposición ten a condición de administrador único da empresa e dito extremo é comprobable coa escritura aportada ostenta a representación da empresa, como administrador único desta.

No mesmo certificado, consta que a sociedade ten por obxecto social – entre outras cousas, instalacións eléctricas.

Achega modelo 036 de alta no Imposto de actividades económicas da AEAT, no epígrafe “504.1, Instalaciones eléctricas en general”, en data 17.10.2019. A declaración de non ter causado baixa no mesmo consta no Anexo I.

Achega Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida pola Axencia Tributaria de data 09 de novembro de 2020.

No tocante á Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida pola Deputación de Lugo, achega autorización para a súa consulta. Feita a pertinente consulta, incorpórase ao expediente certificación positiva datada o día 10 de novembro de 2020.

Achega certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social de data 09 de novembro de 2020.

Achega declaración responsable de non estar en concurso de acreedores.

Non se esixía habilitación nin autorización especial para o exercicio da actividade.

Non se esixía garantía definitiva, de conformidade co artigo 159.6.f por tratarse dun procedemento simplificado sumario.

Non se esixía acreditación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, atendendo ao disposto no artigo 159.6.b.

Non achega documento que conteña interlocutor coa Deputación Provincial de Lugo, non obstante no Anexo I se recolle como persoa de contacto a José Luis López Ferreiro administrador único da empresa.

A mesa de contratación, vista a documentación e o informe emitido, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Servicios Eléctricos Lois, S.L. a contratación da subministración, instalación, conexión, mantemento, desmontaxe e almacenamento, mediante arrendamento sen opción de comprados elementos decorativos que iluminarán a fachada do edificio de San Marcos durante as festas do Nadal, por un prazo de un ano con posibilidade de ata un máximo de tres prórrogas (1+1+1),e un importe de 6.945,00 euros, aos que se engadirán 1.458,45 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 8.403,45 euros.

As subministracións e instalacións deberán estar terminadas, probadas e en perfecto estado para a súa posta en servizo 48 horas antes do día e hora fixados para a súa inauguración os cales lle serán comunicados polo responsable do contrato.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.-Adxudicar á empresa Servicios Eléctricos Lois, S.L. a contratación da subministración, instalación, conexión, mantemento, desmontaxe e almacenamento, mediante arrendamento sen opción de comprados elementos decorativos que iluminarán a fachada do edificio de San Marcos durante as festas do Nadal, por un prazo de un ano con posibilidade de ata un máximo de tres prórrogas (1+1+1),e un importe de 6.945,00 euros, aos que se engadirán 1.458,45 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 8.403,45 euros e financiarse con cargo a anualidade 2020.

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.-O contrato terá unha duración máxima de un ano con posibilidade de prórroga (1+1+1+1). Poderán celebrarse ata un máximo de tres prórrogas, sendo a duración de cada unha delas dun ano, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas exceda de 4 anos.

En todo caso, as subministracións e instalacións deberán estar terminadas, probadas e en perfecto estado para a súa posta en servizo 48 horas antes do día e hora fixados para a súa inauguración os cales lle serán comunicados polo responsable do contrato.

A iluminación estará acendida dende a data de inauguración ata o a noite do 6 ao 7 de xaneiro.

A desmontaxe dos mesmos comezará o primeiro día hábil despois de 6 de xaneiro. As estruturas e instalacións provisionais deberán ser desinstaladas, nun prazo non superior a quince días dende a derradeira xornada de uso.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE DESISTIMENTO, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DINAMIZACIÓN E POSTA EN VALOR DAS ÁREAS HORTÍCOLAS URBANAS DO PASEO DO RATO E DE PARADAI DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

Os efectos de desistir do procedemento de adxudicación da contratación do servizo de dinamización e posta en valor das áreas hortícolas urbanas do Paseo do Rato e de Paradai da Deputación Provincial de Lugo, consta no mesmo:

Proposta de inicio de expediente de contratación, con CSV: V7GRSZ7DZBLLXFZSFMFL37SIY.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7GRSYKHUXOXLJ25UFEEVZAM4.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7GRSZTBMZSRSET6V4NLZLE74.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7GSUCZFZNDJRBNOWNISAD3BAM.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7GS7LIH36N3LNPSYUM6M7U6U.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7GS7L7JFNJJGG3SAUNIAIUGQ.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente con CSV: IV7GS7XZFEVIRNP72E45OBI6KU.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e tres de outubro de dous mil vinte, acordou aprobar o procedemento de adxudicación e do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas para a contratación do servizo de dinamización e posta en valor das áreas hortícolas urbanas do Paseo do Rato e de Paradai da Deputación Provincial de Lugo.

Publicación do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Informe emitido polo servizo de Medio Ambiente relativo a erros materiais detectados no prego de prescricións técnicas particulares que rexen o procedemento de contratación do servizo de dinamización e posta en valor das áreas hortícolas urbanas do Paseo do Rato e de Paradai da Deputación Provincial de Lugo con CSV: IV7G6QAC3VEC4SJ7CB6NH3QF4Q.

Á vista do exposto, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Desistir do procedemento de adxudicación da contratación do procedemento de contratación do servizo de dinamización e posta en valor das áreas hortícolas urbanas do Paseo do Rato e de Paradai da Deputación Provincial de Lugo, de conformidade co disposto no artigo 152.4 da LCSP, con fundamento na concorrencia dunha infracción non emendable das normas reguladoras do procedemento de adxudicación, a cal está debidamente xustificada no expediente, deixando sen efecto todo o actuado e procedendo ao arquivo do expediente.

2º.- Compensar aos candidatos ou licitadores que concorreron a este procedemento polos gastos nos que incorresen , de conformidade coas regras de responsabilidade patrimonial previstas no Capítulo IV (artigos 32 e seguintes) da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, ata o límite dos gastos ocasionados pola preparación das ofertas ou a participación no procedemento de contratación, os cales deberán ser reclamados e xustificados debidamente por aqueles.

3º.- Notificar o contido do presente acordo aos candidatos ou licitadores que participaron no expediente de referencia.

4º.- Publicar o contido do presente acordo no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo, aloxado na plataforma de contratos do sector público.

5º.- Impulsar os trámites precisos para iniciar un novo procedemento de contratación do servizo de dinamización e posta en valor das áreas hortícolas urbanas do Paseo do Rato e de Paradaí da Deputación Provincial de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO CONTRATO BASEADO PARA A SUBMINISTRACIÓN DO GAS NATURAL NAS DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN DE LUGO A TRAVÉS DO ACORDO MARCO DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP PARA A SUBMINISTRACIÓN DO GAS NATURAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Responsable do Contrato de referencia e visto o informe xurídico, do seguinte tenor literal.

Antecedentes

En relación á contratación da “Subministración do Gas Natural nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración do Gas Natural”, na Xunta de Goberno de 05 de xuño do 2020 adoptouse o seguinte acordo, en virtude do cal se adxudicaba a contratación á empresa Endesa Energía S.A.U:

“Aprobar o gasto da contratación da Subministración do Gas Natural nas Dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración do Gas Natural, segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 214.507,46 euros. O orzamento base de licitación inclúe 37.228,57 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 177.278,89 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP atendendo ao seguinte desglose:

CENTRO	APLICACIÓN	IMPORTE	ANO 2020	RC	ANO 2021	RC
PAZO PROVINCIAL	9200.22102	73.172,00	48.781,33	22020/3826	24.390,67	220209/80
MUSEO PROVINCIAL	3330.22102	18.984,08	12.656,05	22020/3827	6.328,03	220209/81
PAZO DOS DEPORTES	3420.22102	72.654,50	48.436,33	22020/3829	24.218,17	220209/82
SERVIZO AUDIOVISUAIS	3241.22102	11.056,79	7.371,19	22020/3838	3.685,60	220209/83
SANTA MARIA Nº 2	4500.22102	17.732,99	11.821,99	22020/3839	5.911,00	220209/84
SANTA MARIA Nº 4	2413.22102	18.892,18	12.594,79	22020/3840	6.297,39	220209/85
SANTA MARIA Nº 9	2413.22102	2.014,92	1.343,28	22020/3841	671,64	220209/86
TOTAL		214.507,46	143.004,97		71.502,49	

En virtude do disposto no informe de intervención de data 05/03/2020, existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2020, pola cantidade de 143.004,97 euros, para a anualidade 2020.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas na táboa anterior.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

O Orzamento Base de Licitación da presente contratación, foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

Adxudicar o contrato baseado para a subministración do Gas Natural nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de contratación da FEMP para a subministración do Gas Natural, a favor da empresa Endesa Energía S.A.U.

A empresa adxudicataria comprométese a subministrar Gas Natural nas dependencias da Deputación de Lugo, ata un importe máximo de 177.278,89 euros, aos que hai que engadir 37.228,57 euros en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 214.507,46 euros, de acordo co seguinte detalle e tendo en conta a data prevista de inicio da subministración:

CENTRO E NÚMERO DE CUP	APLICACIÓN	IMPORTE	ANO 2020	RC	ANO 2021	RC
ES0224050025509003HG PAZO PROVINCIAL SAN MARCOS	9200.22102	73.172,00	48.781,33	22020/3826	24.390,67	220209/80
ES0224050033820221EB MUSEO PROVINCIAL	3330.22102	18.984,08	12.656,05	22020/3827	6.328,03	220209/81
ES022405000065556NP PAZO DOS DEPORTES	3420.22102	72.654,50	48.436,33	22020/3829	24.218,17	220209/82
ES0224050025508210YQ SANTO ANXO-ANTIGA FUNDACIÓN TIC	3241.22102	11.056,79	7.371,19	22020/3838	3.685,60	220209/83
ES0224050025508673AL SANTA MARÍA Nº 2	4500.22102	17.732,99	11.821,99	22020/3839	5.911,00	220209/84
ES0224050025508774PM SANTA MARÍA Nº 4	2413.22102	18.892,18	12.594,79	22020/3840	6.297,39	220209/85
ES0224050025508874NJ STA. MARÍA Nº 9	2413.22102	2.014,92	1.343,28	22020/3841	671,64	220209/86
TOTAL		214.507,46	143.004,97		71.502,49	

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas na táboa anterior.

Os prezos unitarios ofertados polo adxudicatario e que rexerán na presente contratación, resúmense na seguinte táboa:

Prezo unitario ofertado polo adxudicatario do contrato					
LICITADOR		TARIFAS DE ACCESO			
		3.1	3.2	3.3	3.4
ENDESA ENERGÍA S.A.U	Prezo €/kWh	0,053208	0,045401	0,040306	0,032763

Os prezos unitarios soamente poderán ser modificados en virtude do disposto na Cláusula 21 contratos baseados no Acordo marco, punto 2, Duración dos Contratos baseados e revisión de prezos do PCA do Acordo Marco, onde se indica:

“Si durante la vigencia del Acuerdo Marco se produjese una modificación regulatoria que afectase al importe de los conceptos regulados que integran el precio total del suministro o de otros conceptos regulados por la Administración, los precios aplicados por los contratistas se actualizarán en la misma proporción en que varíe cada una de las tarifas, entrando en vigor la modificación de precios en la misma fecha en que entre en vigor la modificación de las tarifas.

Esta modificación de precios podrá ser, tanto al alza como a la baja, pudiendo el contratista ofertar una modificación de precios distinta que la resultante de la modificación de las tarifas de acceso o del importe de alguno de sus elementos, siempre que la misma resulte económicamente más ventajosa...”.

A duración do Contrato Baseado será de un ano, contemplándose a posibilidade de celebrar prórrogas. Poderán celebrarse ata un máximo de tres prórrogas, sendo a duración de cada unha delas dun ano, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas exceda de 4 anos.

O adxudicatario, como condición especial de execución de carácter ambiental, de acordo co previsto na cláusula 21 contratos baseados no Acordo marco, punto 5 Condicións Especiais de Execución do PCA do Acordo Marco e o recollido nos documentos de invitación, deberá executar un estudo e prestar asesoramento sobre a posibilidade de realizar un cambio das actuais instalacións gasistas ou doutro combustible de titularidade da Deputación de Lugo a Gas Natural, por motivos vinculados á eficiencia enerxética.

Tendo en contra as características da subministración e dado que o seu pago é sempre posterior á entrega e recepción do mesmo, non se esixirá garantía definitiva para a execución do

presente contrato baseado, en aplicación do previsto nas cláusulas 14 garantía e 21 contratos baseados no Acordo marco, punto 10, Garantía nos Contratos baseados, do PCA do Acordo Marco. No caso de que o adxudicatario fose obxecto de penalidades pola execución non adecuada do contrato baseado, estas faranse efectivas mediante dedución das cantidades pendentes de pago.

O presente contrato baseado, conforme ao establecido no artigo 36.3 da Lei9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público e a cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo marco, perfecciónase coa notificación da súa adxudicación ao contratista por parte desta entidade local.

Non obstante o anterior, e, en virtude do indicado na cláusula 21 contratos baseados no Acordo marco, punto 3 Execución e cumprimento dos contratos baseados do PCA do Acordo Marco, onde se indica: “En lo referente a la prestación efectiva del suministro, la adjudicataria deberá iniciar el mismo en el plazo máximo de un (1) mes desde la notificación de la resolución de adjudicación, a no ser que la Entidad Local indicara un plazo superior y siempre y cuando no se produzcan retrasos en la aceptación de acceso de terceros a las instalaciones gasistas por parte de la distribuidora”, aínda que o prazo de duración do presente contrato baseado comezará a contar desde o momento no que se produza á notificación da súa adxudicación ao contratista, á prestación efectiva da subministración iniciárase no prazo máximo de un mes desde dita notificación. Durante este prazo, a subministración seguirá realizándose pola mesma empresa e nas mesmas condicións que se están facendo actualmente, xa que as dependencias da Deputación de Lugo non poden quedar sen a prestación deste servizo esencial.

Notificar a presente adxudicación aos interesados conforme ao establecido na Disposición Adicional Décimo quinta da LCSP, isto é, a través de dirección electrónica habilitada ou mediante comparecencia electrónica, realizándose, ademais unha comunicación adicional a través da plataforma informática da Central de Contratación da FEMP, de acordo co previsto ao efecto na cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo marco.

Lembrar que segundo o punto 1 da Disposición Adicional Décimo quinta da LCSP e tal e como sinala tamén a mencionada cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo marco, os prazos para contar desde a notificación computaranse desde a data de envío da mesma ou do aviso de notificación, se fóra mediante comparecencia electrónica, sempre que o acto obxecto de

notificación se publicara o mesmo día no Perfil de contratante do Órgano de contratación. En caso contrario, os prazos computaranse desde a recepción da notificación polo interesado.

Dar traslado do contido íntegro do presente acordo ao Servizo de Contratación e Fomento desta entidade, aos efectos da publicación da adxudicación do contrato baseado, no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es), conforme ao establecido no artigo 154.4 da LCSP.”

Conforme ao establecido no artigo 36.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), e a cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo Marco, os contratos baseados nun acordo marco perfecciónase coa notificación da súa adxudicación ao contratista por parte desta entidade local. Segundo o punto 1 da Disposición Adicional Décimo quinta da LCSP e tal e como sinala tamén a cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo marco, os prazos para contar dende a notificación da adxudicación do contrato computaranse dende a data de envío da mesma ou do aviso de notificación, se fóra mediante comparecencia electrónica, sempre que o acto obxecto de notificación fora publicado o mesmo día no Perfil do contratante do Órgano de contratación. En caso contrario, os prazos computarán desde a recepción da notificación polo interesado. A notificación da adxudicación do contrato baseado enténdese practicada o día 12 de xuño de 2020, data na que o adxudicatario a recibiu, sendo esta a data de inicio do contrato baseado a efectos de cómputo de prazos (pois a publicación da adxudicación do mesmo no Perfil do contratante do Órgano de contratación da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno) realizouse nunha data posterior, o 23 de Xuño de 2020).

En canto á data de inicio da prestación da subministración, a adxudicataria procedeu a efectualo a partir do 01 de Xullo de 2020.

Estas datas quedan reflexadas na acta de inicio do contrato baseado de subministración a cal foi asinada o día 10 de xullo de 2020.

Con data 24 de xullo de 2020, dende Sección de Innovación e Participación Cidadá-Axencia da Enerxía remitiuse circular que obra no expediente, a todos os departamentos da Deputación de Lugo onde textualmente se indicaba:

“En caso de ser necesaria unha nova alta de subministración de gas natural ou de electricidade (neste último caso tanto de carácter eventual como non eventual), estas deberán tramitarse obrigatoriamente a través dos Acordos Marco da Central de Contratación da FEMP para a subministración de gas natural ou de electricidade en alta e baixa tensión antes mencionados, non sendo posible realizar outros contratos ao marxe dos mesmos. Por este motivo, calquera nova alta de subministración deberá ser posta en coñecemento da Axencia da Enerxía a través do correo electrónico axencia.enerxia@deputacionlugo.org.

A estes efectos, para a alta de novas subministracións e de cara a súa tramitación por parte da Axencia da Enerxía, deberá aportarse cunha antelación de 3 meses a documentación técnica que sexa precisa en función da subministración que se precise (boletín de instalación, tarifa, potencia a contratar, etc.), sendo necesario poñerse en contacto previamente para a obtención de dita documentación técnica, co Servizo encargado da xestión das instalacións”

Con data 01 de setembro de 2020 dende o servizo de arquitectura se solicita que se proceda a dar de alta unha nova subministración de gas natural para a Productora TIC. Na solicitude se indica o seguinte:

“Las instalaciones de la productora de la TIC ubicadas en los edificios compartidos con el Parque Móvil provincial situados en la Rua do Arco, tenían, con carácter provisional, una instalación de calefacción con gas propano en botellas de 35 Kg, en tanto no se pudiese realizar una acometida a la red general de gas.

Recientemente con el desarrollo urbanístico y la posterior urbanización del área de suelo colindante por el Parque Movil y el Cuartel de Garabolos se ha realizado una extensión de la red de gas que ha permitido solicitar una acometida para cambiar la energía del sistema de producción de esta instalación, para conseguir una gestión más eficientes de los contratos realizados por esta administración.

Desde el Servicio de Arquitectura se solicitó a la empresa Nedgia, distribuidora de la zona, las condiciones de la acometida y se pagaron las tasas para la construcción de la misma por su parte que en estos momentos ya esta ejecutada.

También se contrató la ejecución de la parte de la instalación privada, desde el cuadro de contadores en el cierre de la finca hasta la sala de calderas que ya se encuentra finalizada y se ha adquirido una nueva caldera para sustituir la existente.

Tras la recepción de su circular de 24 de julio de 2020, por el que se nos comunica la adjudicación del suministro de gas natural a los edificios de la Diputación a una nueva empresa desde el 1 de julio de 2020 y la obligación de proceder a dar las nuevas altas a través de los Acuerdos Marco de la Central de Contratación de la FEMP por medio de la Agencia de la Energía, les informamos que será necesaria la realización de un nuevo alta que garantice el suministro de energía (gas natural) a la instalación de calefacción de la TIC”.

Con data 04 de setembro de 2020, dende este servizo se remite un e-mail ao servizo de arquitectura requirindo unha serie de documentación técnica precisa para poder dar de alta a subministración. Con data 20 de outubro de 2020 o Servizo de Arquitectura remite a documentación solicitada por este servizo.

Consideracións xurídicas:

A D.T 1ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, di: ”1. Os expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor desta Lei rexeranse pola normativa anterior. A estes efectos entenderase que os expedientes de contratación foron iniciados se se publicou a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato. No caso de procedementos negociados sen publicidade, para determinar o momento de iniciación tomarase en conta a data de aprobación dos pregos. 2. Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.”

En consecuencia cabe interpretar que á presente adxudicación resulta de aplicación a Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, ao adxudicarse o contrato baseado estando vixente esta norma.

A adxudicación do contrato baseado para a Subministración do Gas Natural nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración do Gas Natural, realizouse conforme ao disposto no Acordo Marco para a subministración de gas natural e aos pregos de cláusulas administrativas particulares (en diante PCA) e de prescricións técnicas (en diante PPT) de dito Acordo Marco, que rexeron a súa licitación, tras a adhesión á Central de Contratación por parte da Deputación de Lugo na sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Lugo celebrado o 26 de novembro de 2019.

A execución e resolución do contrato baseado supéditase ao disposto no Acordo Marco para a prestación da subministración de gas natural da Central de Contratación e nos PCA e PPT que rexeron a licitación deste Acordo Marco, así como ao disposto pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP) e, en canto non se opoña, ao disposto polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Supletoriamente aplicarase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado. Así mesmo, será de aplicación ao Acordo Marco e aos Contratos baseados no mesmo, a normativa sectorial vixente en cada momento.

Mediante Resolución da Presidencia de data 26-03-2020, procedeuse ao nomeamento como responsable do contrato baseado a D. Antonio Álvarez Cabana, Enxeñeiro Industrial Superior Coordinador da Axencia Provincial da Enerxía.

O Enxeñeiro Industrial Superior Coordinador da Axencia Provincial da Enerxía, coa conformidade do Xefe da Sección de Innovación e Participación Cidadá e do Deputado de

Promoción Económica e Social, mediante informe que obra no expediente, solicita un modificación do contrato baseado sinalado por importe de 7.000 €, aos que haberá que engadir 1.470,00 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 8.470,00 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación. En dito documento, infórmase favorablemente a adxudicación do modificación en favor da empresa adxudicataria do contrato baseado, Endesa Energía S.A.U., de acordo cos seguintes extremos:

O obxecto da modificación a realizar, en base á petición realizada polo Servizo de Arquitectura que obra no expediente, é incluír un novo punto de subministración de acordo cos seguintes datos técnicos:

CENTRO CUPS	DIRECCIÓN	POTENCIA	TARIFA
PRODUCTORA TIC-ES0224050000773033KM	Rúa Arco Número 8, 27003 LUGO	65 KW	3.2

O prezo do contrato baseado tras a modificación a realizar, sería de 184.278,89 €, aos que haberá que engadir 38.698,57 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 222.977,46 € (IVE engadido), o que supón un incremento dun 3,95% sobre o prezo inicial do contrato baseado.

A data prevista de inicio da subministración é o 1 de decembro de 2020, data que poderá variar en función dos traballos tanto técnicos coma administrativos necesarios para dalo de alta.

O importe por anualidades da modificación a realizar resúmese na seguinte táboa:

CENTRO CUPS	IMPORTE SEN IVE	IVE	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO)	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO)	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO)
PRODUCTORA TIC-ES0224050000773033KM	7.000,00 €	1.470,00 €	8.470,00 €	2.000,00 €	6.470,00 €

O importe do gasto para esta nova subministración foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

Os prezos unitarios ofertados polo adxudicatario do contrato baseado e que rexerán no presente modificado, resúmense na seguinte táboa:

Prezos unitarios ofertados polo adxudicatario do contrato baseado					
EMPRESA		TARIFAS DE ACCESO			
		3.1	3.2	3.3	3.4
ENDESA ENERGÍA S.A.U	Prezo €/kWh	0,053208	0,045401	0,040306	0,032763

O prazo de duración do contrato baseado non experimenta variación, sendo este de un ano, contado a partir do 12 de xuño do 2020, data na que se entende practicada a notificación da adxudicación do contrato baseado.

No que respecta ao procedemento a seguir para proceder á modificación do contrato baseado e incluír a subministración descrita na consideración anterior, compre acudir ao sinalado ao respecto tanto PCA como na LCSP:

A Cláusula 23 do PCA do Acordo Marco (prerrogativas dos entes locais, réxime de invalidez, réxime de recursos e xurisdición competente), punto 1 (Prerrogativas da Administración), establece que “O Órgano de contratación de cada Entidade Local terá a prerrogativa de interpretar os Contratos baseados, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta en virtude do artigo 190 e seguintes da LCSP”.

Pola súa banda, o artigo 190 da LCSP exprésase en termos similares ao sinalar que “Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público”

A continuación, no artigo 191.1 da LCSP establécese que “Nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos ás prerrogativas establecidas no artigo anterior, deberá darse audiencia ao contratista”. A este respecto, indicar que obra no expediente documento de conformidade co inicio do expediente de modificación do presente contrato baseado nos termos

indicados na consideración anterior, asinado pola adxudicataria de dito contrato baseado, Endesa Energía S.A.U, en virtude do cal, entendese cumprido o trámite de audiencia ao contratista ao que se refire o artigo 191.1 da LCSP.

Ao ser esta unha modificación dun contrato baseado nun acordo marco, resulta tamén de aplicación o previsto no Artigo 222 da LCSP, relativo á Modificación dos Acordos Marco marco e dos Contratos Baseados nun Acordo Marco, que no seu apartado primeiro sinala o seguinte:

“Os acordos marco e os contratos baseados poderán ser modificados de acordo coas regras xerais de modificación dos contratos. En todo caso, non se poderán introducir por contrato baseado modificacións substanciais respecto do establecido no acordo marco.

Os prezos unitarios resultantes da modificación do acordo marco non poderán superar nun 20 por cento aos prezos anteriores á modificación e en ningún caso poderán ser prezos superiores aos que as empresas parte do acordo marco ofrezan no mercado para os mesmos produtos.”

A este respecto no informe asinado polo Responsable do contrato baseado establécese o seguinte:

“En relación a primeira cuestión indicar que a modificación do contrato baseado que se pretende realizar para introducir a subministración descrita na consideración terceira do presente informe, non supón unha modificación substancial respecto do establecido no Acordo Marco. Trátase dunha nova subministración, que será realizada nas mesmas condicións que as que forman parte da contratación, respectando o indicado nos Pregos Reitores da mesma.

No que respecta a segunda das cuestións sinaladas no artigo 221.1 da LCSP, procede indicar que os prezos unitarios que se aplicarán na nova subministración que resulte da modificación do contrato baseado, serán os mesmos que os ofertados pola empresa adxudicataria do contrato baseado para a tarifa correspondente (a 3.2), e que polo tanto tamén se cumpre co indicado neste punto.”

Á vista do exposto cúmprese o sinalado no artigo 222 da LCSP.

As regras xerais de modificación dos contratos regúlanse nos artigos 203 e seguintes da LCSP.

Respecto da potestade de modificación do contrato, o apartado 1 do artigo 203 da LCSP sinala que “os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos nesta Subsección, e de acordo co procedemento regulado no artigo 191, coas particularidades previstas no artigo 207.” Pola súa banda o apartado segundo do mencionado artigo 203 dispón que “os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

a) Cando así se previu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;

b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.

Respecto da primeira cuestión, tal e como se expón no informe asinado polo Responsable do contrato baseado, indicar que de acordo coa Circular remitida por esta Sección a todos os servizos da entidade provincial con data 24 de xullo do 2020 e en base ao exposto na petición do Servizo de Arquitectura de data 20 de outubro do 2020, motívase a concorrencia de interese público na modificación do contrato baseado que se pretende realizar pola necesidade de adaptar a instalación provisional de calefacción de gas propano das instalacións da produtora TIC á rede xeral de subministración de gas, máis eficiente, e cumprir coa obriga de tramitar as altas de novas subministración deste tipo a través do Acordo Marco da Central da Contratación da FEMP.

Por outra banda e tendo en conta que no PCA do Acordo Marco non están previstas expresamente as modificacións dos contratos baseados nos termos que se establecen no artigo 204 da LCSP, para a modificación do contrato baseado para a subministración do Gas Natural nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de contratación da

FEMP para a subministración do Gas Natural, que se pretende realizar habería que acudir ao sinalado no artigo 205 da LCSP.

O artigo 205 da LCSP, no seu apartado primeiro establece que as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares ou que, sendo previstas, non se axusten ao establecido no artigo anterior, só poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

a) Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.

b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

“Pese a estar incluída esta modificación no PCA de forma clara, precisa e inequívoca, realizouse unha consulta á FEMP, por ser o organismo que aprobou e adxudicou o Acordo Marco, co obxecto de ratificar que a nova subministración de carácter eventual que se pretende realizar dentro do contrato baseado, ten a consideración de modificación do contrato prevista nos pregos. Tal e como se observa na resposta á consulta realizada que obra no expediente, dende a FEMP se indica que:

“Si por el contrario, no estuviese previsto en el documento de invitación, consideramos que sí debería entenderse perfectamente como una modificación (y habría que tramitarlo como tal), al incluirse un nuevo punto de suministro (aunque sea temporal), y será una modificación prevista en la documentación contractual (artículo 204 de la LCSP)”.

“El procedimiento a seguir para modificar el contrato basado es el previsto en el artículo 191 de la LCSP (audiencia al contratista), básicamente consiste en un preaviso de la Entidad Local con una antelación mínima de 15 días naturales, informando del nuevo punto de suministro, y la adjudicataria procederá al suministro en el periodo que le indique la Entidad Local.”

Sinalar a este respecto que a nova subministración que se pretende realizar, non estaba prevista no documento de invitación enviado as empresas adxudicatarias do Acordo Marco, xa que no momento da tramitación do contrato baseado non se puxo en coñecemento desta sección a súa necesidade, tendo en conta ademais que as subministracións eventuais polas súas propias características son difíciles de prever con antelación.”

Pola súa banda, o artigo 190 da LCSP exprésase en termos similares ao sinalar que “Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezan o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público”

A continuación, no artigo 191.1 da LCSP establécese que “Nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos ás prerrogativas establecidas no artigo anterior, deberá darse audiencia ao contratista”. A este respecto, indicar que, a pesar de estar prevista no PCA á modificación do contrato baseado para incluír altas eventuais, obra no expediente documento de conformidade co inicio do expediente de modificación do presente contrato baseado nos termos indicados na consideración terceira, asinado pola adxudicataria de dito contrato baseado, Gas Natural Comercializadora, S.A., en virtude do cal, entendese cumprido o trámite de audiencia ao contratista ao que se refire o artigo 191.1 da LCSP.

Ao ser esta unha modificación dun contrato baseado nun acordo marco, resulta tamén de aplicación o previsto no Artigo 222 da LCSP, relativo á Modificación dos Acordos Marco marco e dos Contratos Baseados nun Acordo Marco, que no seu apartado primeiro sinala o seguinte:

“Os acordos marco e os contratos baseados poderán ser modificados de acordo coas regras xerais de modificación dos contratos. En todo caso, non se poderán introducir por contrato baseado modificacións substanciais respecto do establecido no acordo marco.

Os prezos unitarios resultantes da modificación do acordo marco non poderán superar nun 20 por cento aos prezos anteriores á modificación e en ningún caso poderán ser prezos superiores aos que as empresas parte do acordo marco ofrezan no mercado para os mesmos produtos.”

A este respecto no informe asinado polo Responsable do contrato baseado establécese o seguinte:

“En relación a primeira cuestión indicar que a modificación do contrato baseado que se pretende realizar para introducir a subministración de carácter eventual descrita na consideración terceira do presente informe, non supón unha modificación substancial respecto do establecido no Acordo Marco posto que este tipo de subministracións tamén están incluídas no obxecto do contrato, e son mencionadas varias veces ao longo do PCA do Acordo Marco: na cláusula 11.2 Valoración das tarifas para as contratacións eventuais e/ou de temporada; na cláusula 21.7 Vinculación do adxudicatario en altas eventuais e/ou de temporada, ou na cláusula 21.1 onde se indica que no propio documento de invitación se podían incluír subministracións deste tipo (eventuais), habilitando espazo no borrador da invitación para indicalas.

No que respecta a segunda das cuestións sinaladas no artigo 221.1 da LCSP, procede indicar que a porcentaxe de incremento ofertada en altas eventuais ou de temporada sobre o prezo de enerxía vixente para as subministracións definitivas en cada momento, é dun 0%, nos termos indicados no punto 11.2 Valoración das tarifas para os contratos eventuais e/ou de temporada do Prego de Cláusulas Administrativas reitor da contratación. Polo tanto os prezos unitarios que se aplicarán nesta subministración serán os mesmos que os ofertados pola empresa adxudicataria do

contrato baseado para a tarifa correspondente (a 3.0), polo tanto tamén se cumpre co indicado neste punto.”

Á vista do exposto cúmprese o sinalado no artigo 222 da LCSP.

As regras xerais de modificación dos contratos regúlanse nos artigos 203 e seguintes da LCSP.

Respecto da potestade de modificación do contrato, o apartado 1 do artigo 203 da LCSP sinala que “os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos nesta Subsección, e de acordo co procedemento regulado no artigo 191, coas particularidades previstas no artigo 207.” Pola súa banda o apartado segundo do mencionado artigo 203 dispón que “os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

Cando así se previu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;

Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.

Respecto da primeira cuestión, tal e como se expón no informe asinado polo Responsable do contrato baseado, indicar que de acordo coa Circular remitida por esta Sección a todos os servizos da entidade provincial con data 24 de xullo do 2020 e en base ao exposto na petición do CENTRAD do día 21 de outubro do 2020, motívase a concorrencia de interese público na modificación do contrato baseado que se pretende realizar pola necesidade proporcionar subministración de enerxía eléctrica ao mercado de nadal co obxecto de que este poida cumprir cos fins de carácter social, cultural, etc., que motivan a súa celebración, e ao mesmo tempo, cumprir coa obriga de tramitar as altas de novas subministración deste tipo a través do Acordo Marco da Central da Contratación da FEMP.

Por outra banda e tendo en conta que no PCA do Acordo Marco están previstas expresamente as modificacións dos contratos baseados nos termos que se establecen no artigo 204 da LCSP, para a modificación do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión, que se pretende realizar habería que acudir ao sinalado no artigo 204 da LCSP.

O Artigo 204 da LCSP, establece textualmente:

“1. Os contratos das Administracións Públicas poderán modificarse durante a súa vixencia ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial cando nos pregos de cláusulas administrativas particulares se advertira expresamente desta posibilidade, na forma e co contido seguintes:

a) A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.

b) Así mesmo, no que respecta a o seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente: o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que poderá facerse uso da mesma por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva; e o procedemento que haxa de seguirse para realizar a modificación. A cláusula de modificación establecerá, así mesmo, que a modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

A formulación e contido da cláusula de modificación deberá ser tal que en todo caso permita aos candidatos e licitadores comprender o seu alcance exacto e interpretala da mesma forma e que, por outra banda, permita ao órgano de contratación comprobar efectivamente o cumprimento por parte dos primeiros das condicións de aptitude esixidas e valorar correctamente as ofertas presentadas por estes.

En ningún caso os órganos de contratación poderán prever no prego de cláusulas administrativas particulares modificacións que poidan alterar a natureza global do contrato inicial. En todo caso, entenderase que se altera esta se se substitúen as obras, as subministracións ou os servizos que se van a adquirir por outros diferentes ou se modifica o tipo de contrato. Non se

entenderá que se altera a natureza global do contrato cando se substitúa algunha unidade de obra, subministración ou servizo puntual.”

No informe do Responsable do contrato baseado xustifícase o cumprimento dos requisitos do artigo 204 da LCSP nos seguintes termos:

“No que respecta á porcentaxe máxima de modificación indicada no apartado 1 do artigo 204 da LCSP, para calcular o incremento sobre o prezo inicial do contrato baseado que supón a modificación a realizar, hai que acudir ao seu prezo de adxudicación. O prezo de adxudicación do contrato baseado ascendeu a 542.429,22 euros. Este importe inclúe 94.140,61 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; cantidade que se engade aos 448.288,61 euros de base. Este último importe sen considerar o IVE, será o que se tome como referencia aos efectos de calcular a porcentaxe de incremento que supón sobre o seu prezo inicial a modificación do contrato baseado que se pretende realizar. Polo tanto, e tendo en conta que o gasto que se estima para esta nova subministración é de 2.000,00 euros (IVE excluído), a modificación do contrato baseado que se pretende realizar supón un incremento dun 0,45 % sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído), non superando por tanto o 20 % do seu prezo inicial.

Por outra banda, cúmprese tamén coa previsión sinalada nas letras a) e b) do apartado 1 do artigo 204 da LCSP, xa que como se indicou anteriormente a modificación está prevista na cláusula 21.7 PCA do Acordo Marco de forma clara, precisa e inequívoca, e obra no expediente a resposta á consulta realizada á FEMP, por ser o organismo que aprobou e adxudicou o Acordo Marco, na que se ratifica que a nova subministración de carácter eventual que se pretende realizar dentro do contrato baseado, ten a consideración de modificación do contrato prevista nos pregos aos efectos do artigo 204 da LCSP, precisándose o procedemento a seguir para que a adxudicataria do contrato baseado proceda a realizar a subministración obxecto da modificación que se pretende.

Respecto do sinalado no apartado 2 do artigo 204 da LCSP, sinalar que a modificación que se pretende realizar non altera de ningún modo a natureza global do contrato inicial, que non é outra que a subministración de enerxía eléctrica na Deputación de Lugo. A finalidade da modificación do contrato baseado, responde á necesidade de realizar unha subministración eventual de enerxía eléctrica para a entidade provincial que non implica a substitución das subministracións

que se realizan por outras diferentes e que como xa se indicou anteriormente na análise do artigo 222 da LCSP, está claramente incluída no obxecto do contrato.”

A vista do exposto enténdese xustificada a modificación do contrato baseado que se pretende realizar ao cumprir os requisitos esixidos polo artigo 204 da LCSP, aplicable neste suposto.

Para a realización da modificación que se pretende hai que ter en conta tamén, o previsto no artigo 207.1 da LCSP ónde se establece que “No caso previsto no artigo 204 as modificacións contractuais acordaranse na forma que se especificou nos pregos de cláusulas administrativas particulares”.

A este respecto no informe do Responsable do contrato mencionado sinálase que “como se indicou, a cláusula 21.7 do PCA do Acordo Marco sinala que para que a adxudicataria preste a subministración, a entidade local deberá realizar o preaviso cunha antelación de 15 días naturais. Obra no expediente documento de conformidade da adxudicataria coa modificación que se pretende realizar no que se cumpre dito prazo e estímase que a notificación a adxudicataria do acordo polo que se procederá á modificación do contrato baseado, se practicará tamén dentro do prazo sinalado”. A vista do exposto enténdese tamén cumprido este extremo.

Indicar, ademais, que na modificación que se pretende realizar, non será preceptivo ditame do Consello de Estado ou Órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, en virtude do indicado no artigo 191.3 b) na LCSP “Las modificaciones de los contratos cuando no estuvieran previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares y su cuantía, aislada o conjuntamente, sea superior a un 20 por ciento del precio inicial del contrato, IVA excluido, y su precio sea igual o superior a 6.000.000 de euros”, posto que como xa se indicou, esta modificación está prevista no PCA do Acordo Marco.

Respecto das obrigas do adxudicatario sinalar que, o mesmo deberá estar ao disposto na cláusula 21.7 do PCA do acordo marco: Vinculación do adxudicatario en altas eventuais e/ou de temporada, onde se indica que “Durante la vigencia del Contrato basado, el adjudicatario quedará vinculado por medio del Contrato basado, a ofrecer el servicio de suministro a aquellas Entidades

Locales con las que se haya firmado un Contrato basado en vista de posibles altas eventuales y/o de temporada de acuerdo con las situaciones identificadas y las características indicadas en el Documento de Invitación, no pudiendo, por tanto, negarse a prestar tales Suministros que serán facturados conforme a su oferta. La Entidad Local deberá preavisar a la comercializadora con una antelación mínima de 15 días naturales, de dichas altas eventuales y/o de temporada, con independencia de que se hayan previsto en el documento de invitación.”

Por tratarse dun contrato de subministración suxeito a regulación harmonizada (o valor estimado do mesmo é de 2.151.785,33 euros), hai que cumprir co indicado no artigo 207.3 da LCSP “Los órganos de contratación que hubieran modificado un contrato que esté sujeto a regulación armonizada, a excepción de los contratos de servicios y de concesión de servicios enumerados en el anexo IV, en los casos previstos en las letras a) y b) del apartado 2 del artículo 205 deberán publicar en el «Diario Oficial de la Unión Europea» el correspondiente anuncio de modificación conforme a lo establecido en esta Ley”.

Tamén é de aplicación o seguinte apartado, recollido nese mesmo artigo: “Asimismo los órganos de contratación que hubieren modificado un contrato durante su vigencia, con independencia de si este está o no sujeto a regulación armonizada y de la causa que justifique la modificación, deberán publicar en todo caso un anuncio de modificación en el perfil de contratante del órgano de contratación en el plazo de 5 días desde la aprobación de la misma, que deberá ir acompañado de las alegaciones del contratista y de todos los informes que, en su caso, se hubieran recabado con carácter previo a su aprobación, incluidos aquellos aportados por el adjudicatario o los emitidos por el propio órgano de contratación”

En base ao exposto deberá darse publicidade á modificación do contrato baseado mediante a publicación do correspondente anuncio no DOUE e no perfil do contratante da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público

Tal e como expón o responsable do contrato no seu informe, o importe do gasto para esta nova subministración foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades

da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

Tendo en conta que o gasto proposto para a realización da modificación do contrato baseado afecta as anualidades 2020 e 2021, a Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021 as cantidades indicadas no informe do responsable do contrato. Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

A modificación do contrato baseado non conleva o reaxuste da garantía nos termos establecidos no artigo 109.3 da LCSP, posto que para a adxudicación do mesmo non foi obxecto de constitución. A este respecto no propio acordo da Xunta de Goberno de 26 de xuño do 2020 polo que se procedeu a adxudicación do contrato baseado indicábase o seguinte:

“Tendo en conta as características da subministración e dado que o seu pago é sempre posterior á entrega e recepción do mesmo, non se esixirá garantía definitiva para a execución do presente contrato baseado, en aplicación do previsto nas cláusulas 14 garantía e 21 contratos baseados no Acordo marco, punto 11, Garantía nos Contratos baseados, do PCA do Acordo Marco. No caso de que o adxudicatario fose obxecto de penalidades pola execución non adecuada do contrato baseado, estas faranse efectivas mediante dedución das cantidades pendentes de pago”

Respecto da formalización da modificación do contrato baseado, e de acordo co sinalado no artigo 153 da LCSP, nos contratos baseados nun acordo marco non resultará necesaria a formalización do contrato, Conforme ao establecido no artigo 36.3 da LCSP e a cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo marco, os contratos baseados nun acordo marco, o que resulta aplicable tamén á súa modificación, perfecciónanse coa notificación da súa adxudicación ao contratista.

Aos efectos do establecido na base 36, apartado 1.3.6.5 das bases de execución do orzamento 2020 ,enténdese desde o servizo de contratación e fomento que se cumpren as esixencias do artigo 204 da LCSP.

“Base 36, apartado 1.3.6.5 Modificación do contrato:

No caso de modificacións previstas segundo o artigo 204 da Lei de Contratos do Sector Público, que a posibilidade de modificar o contrato atópase prevista nos pregos, que non supera o límite previsto nos mesmos, e que non se inclúen novos prezos unitarios non previstos no contrato. No caso de modificacións non previstas, ou que non se axusten ao establecido no artigo 204, que se acompaña informe técnico xustificativo dos extremos previstos no artigo 205 da Lei de Contratos do Sector Público e que non se superan as porcentaxes máximas previstas no devandito artigo.

Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría Xeral e, no seu caso, ditame do Consello Consultivo de Galicia.”

Polo que se refire ao órgano competente para realizar a modificación do contrato baseado a realizar, e de conformidade co previsto nos artigos 61.1 e 61.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación, que actúa en nome da Deputación Provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

Conclusión:

En atención as consideracións expostas e atendendo a xustificación da modificación efectuada, infórmase favorablemente a modificación do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación

da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión, sempre que se fiscalice o expediente pola Intervención”

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar, en virtude da solicitude realizada polo CENTRAD e do informe do Responsable do Contrato, a modificación do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión, cun incremento do prezo de adxudicación de 2.000 €, aos que haberá que engadir 420,00 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 2.420,00 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

Esta subministración, de carácter eventual, servirá para iluminar o Mercado de Nadal a celebrar na Praza de San Marcos dende o día 10 de Decembro de 2020 ata o 7 de Xaneiro de 2021. Os datos técnicos da nova subministración a realizar son os seguintes:

CENTRO CUPS	DIRECCIÓN	POTENCIA	TARIFA
MERCADO DE NADAL	Praza de San Marcos 27001 LUGO	25kw	3.0

O importe por anualidades da modificación a realizar resúmese na seguinte táboa:

CENTRO CUPS	IMPORTE SEN IVE	IVE	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO)	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO) ANUALIDADE 2020	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO) ANUALIDADE 2021
MERCADO DE NADAL	2.000,00 €	420,00 €	2.420,00 €	1.855,00 €	565,00 €

O importe do gasto para esta nova subministración foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

Por tratarse dunha subministración eventual, a adxudicataria ademais deberá ter en conta o seguinte:

A data de inicio da subministración é o día 10 de Decembro de 2020 e a data de remate o día 7 de Xaneiro de 2021.

A adxudicataria deberá estar ao disposto na cláusula 21.7 do PCA: Vinculación do adxudicatario en altas eventuais e/ou de temporada onde se indica que “Durante la vigencia del Contrato basado, el adjudicatario quedará vinculado por medio del Contrato basado, a ofrecer el servicio de suministro a aquellas Entidades Locales con las que se haya firmado un Contrato basado en vista de posibles altas eventuales y/o de temporada de acuerdo con las situaciones identificadas y las características indicadas en el Documento de Invitación, no pudiendo, por tanto, negarse a prestar tales Suministros que serán facturados conforme a su oferta. La Entidad Local deberá preavisar a la comercializadora con una antelación mínima de 15 días naturales, de dichas altas eventuales y/o de temporada, con independencia de que se hayan previsto en el documento de invitación.”

A porcentaxe de incremento ofertada polo adxudicatario do contrato baseado en altas eventuais ou de temporada sobre o prezo de enerxía vixente para as subministracións definitivas en cada momento, é dun 0%, nos termos indicados no punto 11.2 Valoración das tarifas para os contratos eventuais e/ou de temporada (PTAE), que obra no expediente. De acordo co exposto, os prezos unitarios ofertados polo adxudicatario do contrato baseado e que tamén rexerán no presente modificado, resúmense na seguinte táboa:

Prezo unitario ofertado polo adxudicatario oferta gas natural comercializadora, S.A. TEi (€/kWh)

Tipo Tarifa	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	0,1049					
2.0DHA	0,1245	0,0540				
2.0DHS	0,1251	0,0596	0,0464			
2.1A	0,1182					
2.1DHA	0,1371	0,0650				
2.1DHS	0,1376	0,0745	0,0521			
3.0A	0,0868	0,0741	0,0537			
2.0DHA AP	0,1245	0,0540				
2.1DHA AP	0,1371	0,0650				
3.0A AP	0,0868	0,0741	0,0537			
3.1 A	0,0756	0,0691	0,0527			
6.1	0,0921	0,0804	0,0646	0,0571	0,0552	0,0482

2º.- Adxudicar este modificado á empresa adxudicataria do contrato baseado, Gas Natural Comercializadora, S.A., que prestou a súa conformidade ao mesmo, cun prezo resultante de 450.288,61 €, aos que haberá que engadir 94.560,61 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 544.849,22€ (IVE engadido), o que supón un incremento dun 0,45 % sobre o prezo inicial do contrato baseado.

O prazo de duración do contrato baseado non experimenta variación, sendo este de un ano, contado a partir do 26 de xuño do 2020, data na que se entende practicada a notificación da adxudicación do contrato baseado.

3º.- A formalización do modificado realizarase de acordo co establecido no artigo 153 da LCSP, conforme ao previsto no artigo 36.3 da LCSP e a cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo marco, e será publicado de conformidade co sinalado nos artigos 207 e 63 da LCSP, mediante a inserción dos correspondentes anuncios no DOUE e no perfil do contratante da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: Oourol.- Rehabilitación superficial de firme mediante riegos con gravilla LU-P-3807 “Bravos (LU-P-6602)- Foxo – San Pantaleón”, P.K. 0+630 a 7+950.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 13 de novembro de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(…)

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV672LRLOHDXDWRJ5SRQBABIOM4¹.

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: OUROL.- Rehabilitación superficial de firme mediante riegos con gravilla LU-P-3807 “Bravos (LU-P-6602)- Foxo— San Pantaleón”, P.K. 0+630 a 7+950, con CSV: IV672IHIHNGJJHU27Q7CGQRWMU.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV673SZ2LFRSQXUITUXCOZSQA.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV67EGTNABNNR2HK4A6VGQKFL4.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV67EG33BUHTLDM5ZRXHRDU6U.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV67EKBJ3FRCL6RDQMWF4I3EAI.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 04/09/2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV67GHLDFIHPXZP2SA4D6RIQGY.

Publicación, o día 10/09/2020, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 16/10/2020, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios avaliados automaticamente (sobre B), con CSV: IV7GSWHOF7RPTJOITQQFOVKQGA.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación do 16/10/2020, deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa), resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procedeuse á apertura da documentación contida no Sobres “B”, cos seguintes resultados:

OUROL - REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE FIRME MEDIANTE RIEGOS CON GRAVILLA LU-P-3807 "BRAVOS (LU-P-6602)- FOXO – SAN PANTALEÓN", P.K. 0+630 A 7+950
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

VALOR ESTIMADO
CLASIFICACION EXIGIDA:
PRAZO DE EXECUCION:

118.191,80		
97.679,17	20.512,63	DE IVE (partida independiente)
NO 9 MESES	MAXIMO 1.953,58	

EMPRESAS / (GRUPO)		DOC "A"	(A) PRECIO (95) PREZO (IVE incluído - art 102)	(C) P. DIVULGACIÓN (5) Oferta (sen IVE) (MAX. 2% S/ V. Estimado	CRITERIO DESEMPATE Plantel / Discapitados
1	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL		101.514,94 €	1.239,67 €	21/0
2	CARFERLO SL		96.558,00 €	0,00 €	28/0
3	CHOLO SL		95.428,05 €	1.172,15 €	24/1
4	CONSTRUCCIONES CAZAS SL		107.792,85 €	1.600,00 €	12/0
5	CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL		108.523,70 €	100,00 €	39/1
6	COSNTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL		105.072,50 €	1.953,58 €	126/3
7	DESMACO SLU		118.191,80 €	0,00 €	7/1
8	ECOASFALT SA		112.275,90 €	1.953,58 €	47/0
9	GRUPO BASCUAS 2008 SL		100.563,49 €	766,78 €	87/2
10	JOSÉ SANJURJO CONSTRUCCIONES SL		98.536,50 €	1.953,58 €	15/1
11	MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL		100.416,69 €	1.953,58 €	6/0
12	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		96.633,61 €	304,13 €	1/0
13	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO		112.282,20 €	1.652,89 €	37/2
14	VÍAS E SERVIZOS COMPOSTELA SL		102.732,31 €	1.157,02 €	3/1

Así mesmo, durante a apertura das ofertas, na da mercantil Cholo SL, detéctase erro aritmético na suma da base e o IVE, e polo tanto na suma total da oferta, (en 0,01 euros), polo que ao tratarse dun mero erro aritmético, a mesa corríxeo e inclúe o importe correcto no cadro precedente, seguindo así os mesmos criterios que en casos similares acaecidos con anterioridade e

en base igualmente a diversos pronunciamentos dos TARC. (Castilla Leon- Resolución 43 e 44/2014 de 5 de xuño; TACRC de 25 de abril, resolución 334/2014).

De seguido procedeuse, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA (A-B)
			Oferta
1	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL		101.514,94 €
2	CARFERLO SL		96.558,00 €
3	CHOLO SL		95.428,05 €
4	CONSTRUCCIONES CAZAS SL		107.792,85 €
5	CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL		108.523,70 €
6	COSNTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL		105.072,50 €
7	DESMACO SLU		118.191,80 €
8	ECOASFALT SA		112.275,90 €
9	GRUPO BASCUAS 2008 SL		100.563,49 €
10	JOSÉ SANJURJO CONSTRUCCIONES SL		98.536,50 €
11	MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL		100.416,69 €
12	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		96.633,61 €
13	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO		112.282,20 €
14	VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA SL		102.732,31 €

MEDIA
104.037,32

BAIXA DESPROPORCIONADA
93.633,59

10% ARRIBA
114.441,06

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, procédese á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 10 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		PRECIO (95)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
		Oferta	Ptos	Oferta (máximo 2% v.	Ptos	PUNTOS
1	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL	101.514,94 €	69,60	1.239,67 €	3,17	72,77
2	CARFERLO SL	96.558,00 €	90,28	0,00 €	0,00	90,28
3	CHOLO SL	95.428,05 €	95,00	1.172,15 €	3,00	98,00
4	CONSTRUCCIONES CAZAS SL	107.792,85 €	43,40	1.600,00 €	4,10	47,50
5	CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL	108.523,70 €	40,35	100,00 €	0,26	40,61
6	COSNTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL	105.072,50 €	54,75	1.953,58 €	5,00	59,75
7	DESMACO SLU	118.191,80 €	0,00	0,00 €	0,00	0,00
8	ECOASFALT SA	112.275,90 €	24,69	1.953,58 €	5,00	29,69
9	GRUPO BASCUAS 2008 SL	100.563,49 €	73,57	766,78 €	1,96	75,53
10	JOSÉ SANJURJO CONSTRUCCIONES SL	98.536,50 €	82,03	1.953,58 €	5,00	87,03
11	MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL	100.416,69 €	74,18	1.953,58 €	5,00	79,18
12	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	96.633,61 €	89,97	304,13 €	0,78	90,75
13	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO	112.282,20 €	24,66	1.652,89 €	4,23	28,89
14	VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA SL	102.732,31 €	64,52	1.157,02 €	2,96	67,48

A Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
			PUNTOS
1	CHOLO SL		98,00
2	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		90,75
3	CARFERLO SL		90,28
4	JOSÉ SANJURJO CONSTRUCCIONES SL		87,03
5	MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL		79,18
6	GRUPO BASCUAS 2008 SL		75,53
7	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL		72,77
8	VÍAS E SERVIZOS COMPOSTELA SL		67,48
9	COSNTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL		59,75
10	CONSTRUCCIONES CAZAS SL		47,50
11	CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL		40,61
12	ECOASFALT SA		29,69
13	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO		28,89
14	DESMACO SLU		0,00

Requirir á empresa Cholo SL para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Por resolución da Presidencia de data 23/10/2020, con CSV: IV7GSDB3DD4YR2VNSJMW63QVMI, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Cholo SL, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 27/10/2020, rematando o prazo de presentación o día 10/11/2020. A mercantil Cholo SL, presentou a documentación requirida dentro do prazo.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 13/11/2020, ós efectos da apertura da documentación remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Cholo SL presenta a documentación requirida en tempo.

A mesa de contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Cholo SL representada por D. Serafín de la Fuente Pico, a contratación da obra denominada OUIROL.- Rehabilitación superficial de firme mediante riegos con gravilla LU-P-3807 “Bravos (LU-P-6602)- Foxo – San Pantaleón”, P.K. 0+630 A 7+950, no prezo de 95.428,05 €, dos cales 16.561,89 € corresponden ao IVE (21%) e un plan de divulgación e posta en valor das obras executadas de 1.172,15€ mais IVE e un prazo de execución de 9 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos –perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Cholo SL representada por D. Serafín de la Fuente Pico, a contratación da obra denominada OUROL.- Rehabilitación superficial de firme mediante riegos con gravilla LU-P-3807 “Bravos (LU-P-6602)- Foxo – San Pantaleón”, P.K. 0+630 a 7+950 no prezo de 95.428,05 €, dos cales 16.561,89 € corresponden ao IVE (21%) e un plan de divulgación e posta en valor das obras executadas de 1.172,15€ mais IVE e un prazo de execución de 9 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos –perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 26 DECEMBRO DE 2018, RELATIVO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS, E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS, EN MATERIA DE EMERXENCIAS, PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CREACIÓN E IMPLANTACIÓN DOS GRUPOS DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAIS “GES” (2019-2022).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe, de data 12 de novembro de 2020, da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“Asunto: Modificación do acordo da Xunta de Goberno, de data 28 de decembro de 2018, relativo a aprobación do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as deputacións provinciais, para a creación e implantación dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais “GES”.

En relación ao asunto de referencia emítase o seguinte informe:

Antecedentes de feito

A Xunta de Goberno, en sesión extraordinaria celebrada o 26 de decembro de 2018, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias, e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias, prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos grupos de

emerxencias supramunicipais “GES”, cunha aportación por parte da Deputación Provincial de Lugo que ascende a 2.352.000,00 euros, atendendo ao seguinte desglose:

Anualidade 2019

ZONA E SEDE.	Nº COMPONENTES GES	CM Rural (Fondos propios)	DXAL	DEPUTACIÓN: GASTOS DE PERSOAL	DEPUTACIÓN : GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	CONCELLO	CUSTO TOTAL
Zona: Ancares , Lugo e Sarria. Sede: Becerreá	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona : Mariña central e Occidental: Sede: Cervo	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona: Baleira. Sede: Baleira	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona: Terra Cha-Lugo. Sede: por determinar.	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona : Ulloa, Lugo e Chantada. Sede: Monterroso	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona: Mariña Central e Oriental. Sede: Pontenova (A)	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona: Quiroga e Terras de Lemos. Sede: Quiroga/Folgoso. Subsede: Quiroga	6	61.745,69 €	7.875,00 €	50.000,00 €	6.000,00 €	10.500,00 €	136.120,69 €
Zona: Quiroga e Terras de Lemos. Sede: Quiroga/Folgoso. Subsede: Folgoso do Courel	6	61.745,69 €	7.875,00 €	50.000,00 €	6.000,00 €	10.500,00 €	136.120,69 €
TOTAL		864.439,18 €	110.250,00 €	700.000,00 €	84.000,00€	147.000,00 €	1.905.689,66 €

Anualidade 2020

ZONA E SEDE.	Nº COMPONENTES GES	CM Rural (Fondos propios)	DXAL	DEPUTACIÓN: GASTOS DE PERSOAL	DEPUTACIÓN : GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	CONCELLO	CUSTO TOTAL
Zona: Ancares , Lugo e Sarria. Sede: Becerreá	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona : Mariña central e Occidental: Sede: Cervo	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona: Baleira. Sede: Baleira	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona: Terra Cha-Lugo. Sede: por determinar.	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona : Ulloa, Lugo e Chantada. Sede: Monterroso	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona: Mariña Central e Oriental. Sede: Pontenova (A)	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona: Quiroga e Terras de Lemos. Sede: Quiroga/Folgoso. Subsede: Quiroga	6	61.745,69 €	7.875,00 €	50.000,00 €	6.000,00 €	10.500,00 €	136.120,69 €
Zona: Quiroga e Terras de Lemos. Sede: Quiroga/Folgoso. Subsede: Folgoso do Courel	6	61.745,69 €	7.875,00 €	50.000,00 €	6.000,00 €	10.500,00 €	136.120,69 €
TOTAL		864.439,18 €	110.250,00 €	700.000,00 €	84.000,00€	147.000,00 €	1.905.689,66 €

Anualidade 2021

ZONA E SEDE.	Nº COMPONENTES GES	CM Rural (Fondos propios)	DXAL	DEPUTACIÓN: GASTOS DE PERSOAL	DEPUTACIÓN : GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	CONCELLO	CUSTO TOTAL
Zona: Ancares , Lugo e Sarria. Sede: Becerreá	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona : Mariña central e Occidental: Sede: Cervo	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona: Baleira. Sede: Baleira	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona: Terra Cha-Lugo. Sede: por determinar.	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €

ZONA E SEDE.	Nº COMPONENTES GES	CM Rural (Fondos propios)	DXAL	DEPUTACIÓN: GASTOS DE PERSOAL	DEPUTACIÓN : GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	CONCELLO	CUSTO TOTAL
Zona : Ulloa, Lugo e Chantada. Sede: Monterroso	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona: Mariña Central e Oriental. Sede: Pontenova (A)	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona: Quiroga e Terras de Lemos. Sede: Quiroga/Folgoso. Subsede: Quiroga	6	61.745,69 €	7.875,00 €	50.000,00 €	6.000,00 €	10.500,00 €	136.120,69 €
Zona: Quiroga e Terras de Lemos. Sede: Quiroga/Folgoso. Subsede: Folgoso do Courel	6	61.745,69 €	7.875,00 €	50.000,00 €	6.000,00 €	10.500,00 €	136.120,69 €
TOTAL		864.439,18 €	110.250,00 €	700.000,00 €	84.000,00 €	147.000,00 €	1.905.689,66 €

Aprobar o gasto, en concepto de achega económica da Deputación Provincial de Lugo por importe de 2.352.000,00 € (IVE engadido). O presente gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117.2 e Disposición Adicional 3ª.2 da LCSP e na base 18 de execución do Orzamento Xeral, e financiaráse como segue:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	RC
2019	1361.46200	784.000,00 €	220189/486
2020	1361.46200	784.000,00 €	220189/486
2021	1361.46200	784.000,00 €	220189/486

A Deputación adquire o compromiso, supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2020 e 2021 as cantidades indicadas para cada anualidade. Para a anualidade 2019, que está aprobado inicialmente o orzamento polo Pleno, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de novembro de 2018, existe crédito por importe de 672.000,00 euros, polo que se adquire o compromiso de tramitar a correspondente modificación de crédito polo importe restante que ascende a 112.000,00 euros.

A documentación a aportar por parte dos concellos sede co obxecto de xustificar a achega recibida concretarase por Resolución de Presidencia, se ben dita xustificación inspirarase na que se viña utilizando en anos anteriores para o mesmo fin, coa salvidade das matizacións derivadas da incorporación da financiación de gastos correntes. A tales efectos enviarase aos Concellos Sede unha circular na que se recollan ditas concrecións.

Instar ás demais partes participantes no convenio a que sexan rectificadas os documentos anexos que fan referencia á sede do GES Terra Chá - Lugo como Guitiriz, posto que se atopa neste intre sen definir.”.

O convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias, e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias, prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos grupos de emerxencias supramunicipais “GES”, formalizouse o 26 de decembro de 2018.

Consideracións xurídica-administrativas

Na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo común (LPAC), normativa de carácter básico, recollese (concretamente nos artigos 39, 40 e 41) que:

A eficacia dos actos das Administrazións Públicas suxeitos ao dereito administrativo quedará demorada cando estea supeditada a súa notificación.

Os actos administrativos deberán notificarse aos interesados cando se vexan afectados os seus dereitos e intereses polo mesmos.

Toda notificación deberá ser cursada dentro del plazo de diez días a partir de la fecha en que el acto haya sido dictado, y deberá contener el texto íntegro de la resolución, con indicación de si pone fin o no a la vía administrativa, la expresión de los recursos que procedan, en su caso, en vía administrativa y judicial, el órgano ante el que hubieran de presentarse y el plazo para interponerlos, sin perjuicio de que los interesados puedan ejercitar, en su caso, cualquier otro que estimen procedente.

Conclusiones

Da normativa de referencia despréndese que o desglose da achega da Deputación de Lugo, entre gastos correntes e gastos de persoal, que ven recollido no punto primeiro do acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión extraordinaria celebrada o 26 de decembro de 2018, non ten

eficacia e polo tanto non pode aplicarse as contas xustificativas aportadas pols Concellos Sede do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, para a creación e implantación dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais “GES”, formalizado o 26 de decembro de 2018, xa que non se lles notificou o contido do citado acordo que afectaba aos seus dereitos e intereses. ”

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificar o punto primeiro do acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión extraordinaria celebrada o 26 de decembro de 2018, no senso de deixar sen efecto o desglose da axuda da Deputación de Lugo entre gastos de persoal e gastos correntes, de tal xeito que a contía total a satisfacer pola entidade se destine indistintamente a gastos de persoal e gastos correntes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SUSPENSIÓN TOTAL DAS OBRAS DE A FONSAGRADA.- MODIFICADO DE ACONDICIONAMENTO LU-P-1901 “FONSAGRADA (LU-530)- NAVIA (LU-722) P.K. 0+000 AL 4+350.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“José Fernández Parajes, Director Técnico das obras de A FONSAGRADA.- Modificado de acondicionamento LU-P-1901 “Fonsagrada (LU-530)- Navia (LU-722) P.K. 0+000 al 4+350, informa:

Que as obras foron adxudicadas a Ovisa Pavimentos y Obras SLU por acordo da Xunta de Goberno de data 15 de febreiro de 2019. Incoouse expediente administrativo coa finalidade de proceder á modificación do proxecto e contrato da obra indicada, aprobándose o proxecto técnico modificado, con un orzamento de licitación de 1.038.101,99 € dos cales 180.166,46 € son de IVE, o gasto, fiscalizado pola Intervención, xunto co expediente administrativo para a modificación, pola Xunta de

Goberno de data 28/08/2020 e que serviu de base para a formalización do contrato administrativo para a execución da obra en data 10 de setembro de 2020.

Que se asinou a acta de comprobación de reformulo o día 9 de outubro de 2020 comezando o cómputo do prazo para a execución das obras –que será ata o prazo de execución fixado no contrato primitivo (04/10/2020) véndose incrementado o prazo, o tempo que estiveron suspendidas as obras debido á redacción, aprobación, adxudicación e formalización do proxecto modificado nº1, que ascende a 48 días- debendo finalizar as mesmas non máis tarde do 22 de novembro de 2020.

Que na acta de comprobación de reformulo faise constar que se dispón dunha parte dos terreos necesarios, con excepción dos que nela se sinalan, que deberán completarse previamente a súa ocupación.

Por todo iso, polo director técnico que subscribe, propónse a Xunta de Goberno a suspensión total das citadas obras, mediante a firma da acta de suspensión, ata que se complete a dispoñibilidade dos terreos, procedéndose nese momento a continuación das obras mediante a firma da súa correspondente acta.

Por parte do contratista renunciárase expresamente a calquera reclamación de danos e prexuízos efectivamente sufridos debido á suspensión.

Se o Órgano de contratación acorda a suspensión do contrato, estenderase unha acta de suspensión, en cumprimento do disposto no artigo 208 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS INTERADMINISTRATIVOS.

Primeiro.- *Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Castroverde coa finalidade común de colaborar en: Reconstrucción de muro na estrada de Francelos de Abaixo e rexeneración de accesos en Meda e San Xoán de Barredo, acondicionamento das piscinas municipais, conducción de electricidade e instalación de cloradores en depósitos de auga do Páramo e a Frairía, instalación de luminarias en Bolaño e Rebordaos, instalación de rego automático no campo de fútbol, formigonado de pavimento do núcleo de Páramo e adquisición de material de oficina.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción de Económica e Social, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Castroverde para a execución dos fins común de Reconstrucción de muro na estrada de Francelos de Abaixo e rexeneración de accesos en Meda e San Xoán de Barredo, acondicionamento das piscinas municipais, conducción de electricidade e instalación de cloradores en depósitos de auga do Páramo e a Frairía, instalación de luminarias en Bolaño e Rebordaos, instalación de rego automático no campo de fútbol, formigonado de pavimento do núcleo de Páramo e adquisición de material de oficina, consta no mesmo:

Solicitud do Concello de Castroverde con número de expediente no GTM: 2020/PES_03/019151, que inclúe ademais:

Proxecto ou memoria valorada do investimento.

Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.

Memoria de impacto económico, con CSV: IV7G63R4NMO2VCUN2F4NLZAXIU.

Borrador de convenio con CSV: IV7G63R5FRRYZOBJYQ6BJ72DOE.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7G63RSLVVKTGGCRXXT6ZRVOY.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Reconstrucción de muro na estrada de Francelos de Abaixo e rexeneración de accesos en Meda e San Xoán de Barredo, acondicionamento das piscinas municipais, condución de electricidade e instalación de cloradores en depósitos de auga do páramo e a Frairía, instalación de luminarias en Bolaño e Rebordaos, instalación de rego automático no campo de fútbol, formigonado de pavimento do núcleo de Páramo e adquisición de material de oficina, con un orzamento total de 141.261,35 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 113.009,08 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Láncara coa finalidade común de colaborar na reforma da escola de Láncara.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Láncara para a execución dos fins común de Reforma da escola de Láncara, consta no mesmo:

Solicitud do Concello de Láncara con número de expediente no GTM: 2020/PES_03/019278, que inclúe ademais:

Proxecto ou memoria valorada do investimento.

Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.

Memoria de impacto económico, con CSV: IV7G63R4NQ7S2ROLWX6FD5YOOY.

Borrador de convenio con CSV: IV7G63R5FL4MXON7WQGEL4TFOM.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7G63RSLZEL4SROCJOW4AHHKQ.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Láncara coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Reforma da escola de Láncara , con un orzamento total de 48.399,99 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 45.979,00 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e a Universidade da Coruña para sufragar os gastos derivados da realización do proxecto “Estudo e deseño dun prototipo de equipamento dotacional para maiores no rural galego”, ano 2020.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, de data 16 de novembro de 2020, no que literalmente se establece:

“Asunto: Informe relativo ao Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e a Universidade da Coruña para sufragar os gastos derivados da realización do proxecto “Estudo e deseño dun prototipo de equipamento dotacional para maiores no rural galego”, ano 2020.

Vistos o escrito remitido, o 28 de outubro de 2020, dende a Universidade de A Coruña (cuxa documentación foi emendada e completada con posterioridade) no que se solicita a formalización dunha relación de cooperación (público-público) para a realización do proxecto “Estudo e deseño dun prototipo de equipamento dotacional para maiores no rural galego”, ano 2020, emítese o seguinte informe:

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de

boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, define os convenios, dicindo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, establecendo que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

A Universidade da Coruña (en adiante, UDC) é unha institución pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, constituída polos Campus de Coruña e Ferrol, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia de calidade para a formación integral de estudantes, a investigación e a transferencia do coñecemento, actividades para as que goza de autonomía, de acordo cos seus Estatutos e o marco de lexislación vixente.

Nos Estatutos da UDC, aprobados por Decreto 101/2004 e publicados no DOG nº 29 do 26 de maio de 2004 (modificados polo Decreto 194/2007, de 11 de outubro - D.O.G. de 17 de outubro), conceptuase a UDC como unha institución pública, vencellada á Comunidade Autónoma de Galicia.

Os artigos 54 e ss. dos Estatutos recollen a regulación dos aspectos relativos á docencia e á investigación. Concretamente no artigo 58, establécese que: “(...) 2. Os grupos de investigación

recoñecidos pola Universidade, os departamentos e os institutos universitarios de investigación, e o seu profesorado, a través destes e dos órganos, centros, fundacións ou estruturas organizativas similares da Universidade adicados á canalización das iniciativas investigadoras do profesorado e a transferencia dos resultados da investigación, poderán celebrar contratos ou convenios con persoas, universidades ou entidades públicas e privadas para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como o desenvolvemento de ensinanzas de especialización ou actividades específicas de formación (...)

A relación de cooperación entre a Deputación e a UDC, como institución pública vinculada á Comunidade Autónoma configúrase como un aparello técnico-administrativo na que teñen cabida os principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendose no artigo 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional”, e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas, para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público, e por ende, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración

local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alende o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do artigo 193.4 da LALGA, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa ás demais, para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (artigo 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL, modificado pola LRSAL, unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións

Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que, as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, do 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Sinalar que o convenio de colaboración se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins, e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

Esta relación interadministrativa enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas, para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficas rurais e poboación envellecida, mellorando a mobilidade da poboación e dos sectores económicos, xunto coa calidade urbana e medio ambiental.

A titularidade dos resultados da colaboración instrumentada a través deste convenio pertencerán a UDC, quen na medida do posible procurará compartilos coas demais institucións participantes e a sociedade, en xeral, nos termos da cláusula cuarta letra D.

O convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:(...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Así, para a consecución do fin común perseguido que é a elaboración dun Estudo e deseño dun prototipo de equipamento dotacional para maiores no rural galego”, que sirva de referente para a posta en marcha dun equipamento dotacional para persoas maiores no medio rural galego, establécese esta relación bilateral de cooperación, guiada unicamente por consideracións de interese público, na que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA UNIVERSIDADE E A CORUÑA
35.000,00 €	0,00 €
TOTAL: 35.0000€	

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc.,

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración

Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...). Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre sí dalguna das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...). ”.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. Pode terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

O órgano competente para a aprobación do convenio e do gasto é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (publicado no BOP o 3 de setembro de 2020) e no establecido na base 24.4º das Bases

de Execución do Orzamento provincial para o ano 2020, que recolle que o órgano competente é a Xunta de Goberno cando o importe de xeito individual sexa igual ou superior a 15.000,00€.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e a Universidade de A Coruña para sufragar os gastos derivados da realización do proxecto “Estudo e Deseño dun Prototipo de Equipamento Dotacional para maiores no Rural Galego”, ano 2020, por importe de 35.000,00 €.

2º.- Aprobar o gasto de 35.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2314.48900 do vixente orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o ano 2020, a favor do Concello de Universidade de A Coruña, para sufragar os gastos derivados da realización do proxecto “Estudo e Deseño dun Prototipo de Equipamento Dotacional para maiores no Rural Galego”, ano 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación SER, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Adaptación da sede da asociación ser a edificio de consumo casi nulo” na anualidade 2020.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Asociación SER, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Adaptación da sede da Asociación

Ser a edificio de consumo casi nulo”, polo importe de 36.000,00 €, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 18.000,00 €, con dispensa de garantía, correspondente á anualidade 2020, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora, que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de estar ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2020.

Informe da Unidade Administrativa Xestora, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención, conformado pola Secretaría Xeral.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral, e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende subvencionar encaixa dentro da Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, contribuíndo á consecución do seu obxectivo estratéxico de conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do

territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.).

En concreto, a actuación a subvencionar enmárcase dentro das previsións do apartado c) de actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 da Liña 1.1 – Xeración de riqueza, da Área de Presidencia, do vixente Anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2020.

O obxecto que se persegue con esta subvención é adaptar a construción, que constitúe a sede da Asociación Ser, a edificio de consumo enerxético case nulo, mellorando as condicións de uso e desfrute dun inmovle de uso colectivo, destinado a centro pedagóxico, terapéutico e comunitario, en resume, de desenvolvemento rural. Facilitase a participación e colaboración dos veciños e da sociedade en xeral na vida económica, social, política e cultural, removendo os obstáculos que o “feito rural” normalmente conleva.

A actuación incrementará os niveis de colaboración da cidadanía e do asociacionismo veciñal, desa localidade do rural, con repercusión favorable na provincia en xeral: En consecuencia, xera riqueza, entendida “*lato sensu*”, como calidade de vida, superadora dunha perspectiva meramente monetarista. Esta actuación responde a unha determinación colaborativa de conservar o patrimonio construído, mediante a axuda mutua de poderes públicos e asociacións particulares.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 36.000,00 €, a favor da entidade Asociación SER, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Adaptación da sede da Asociación Ser a edificio de consumo casi nulo”, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (AnexoI).

2º.- Aprobar o gasto de 36.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Asociación SER, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Adaptación da sede da Asociación Ser a edificio de consumo casi nulo”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- *Convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Veciños para a Defensa e Desenvolvemento Medioambiental de San Vicente de Argozón, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Rehabilitación de fachadas da sede social asociación” na anualidade 2020.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Asociación de Veciños para a Defensa e Desenvolvemento Medioambiental de San Vicente de Argozón, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Rehabilitación de fachadas da sede social asociación”, polo importe de 15.000,00€, correspondente á anualidade 2020, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora, que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de estar ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2020.

Informe da Unidade Administrativa Xestora, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención, conformado pola Secretaría Xeral.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral, e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende subvencionar encaixa dentro da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, contribuíndo á consecución do seu obxectivo estratéxico de conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.).

En concreto, a actuación a subvencionar enmárcase dentro das previsións do apartado c) de actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, da Área de Presidencia, do vixente anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2020.

O obxecto que se persegue con esta subvención é a rehabilitación das fachadas do inmovible que constitúe a sede da Asociación de Veciños para a Defensa e Desenvolvemento Medioambiental de San Vicente de Argozón, facilitando e mellorando as condicións de uso e desfrute da mesma por parte dos veciños e usuarios.

Coa actuación promovida preténdese mellorar as condicións de uso do inmovible por parte dos veciños da parroquia de San Vicente de Argozón, especialmente dos colectivos da terceira idade e da infancia, así como daqueles outros que, de forma permanente ou temporal, teñen especiais dificultades para o seu desenvolvemento cotiá. En resume, mellorar a calidade de vida e estimular e manter as relacións e o apoio entre a veciñanza.

A actuación obxecto de subvención incrementará os niveis de colaboración e participación da veciñanza, especialmente nas parroquias do rural, e que terá unha repercusión favorable para a conxunto da provincia, no sentido de xerar riqueza, entendida no seu sentido máis amplo, e que a súa vez, responde a unha determinación colaborativa de conservar o patrimonio construído, mediante a axuda mutua de poderes públicos e asociacións particulares, neste caso veciñais.

A actuación responde á pretendida colaboración entre a sociedade civil (veciñanza) e os poderes públicos, facendo que os habitantes da provincia sexan suxeitos partícipes para acadar unha maior capacidade para transformar o medio no que habitan, neste caso de carácter rural, e xerar desta forma riqueza para o territorio, ao tempo que se conserva e rehabilita o patrimonio construído.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 15.000,00 €, a favor da entidade Asociación de Veciños Para a Defensa e Desenvolvemento Medioambiental De San Vicente De Argozón, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Rehabilitación de fachadas da sede social asociación”, subvención incluída na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (AnexoI).

2º.- Aprobar o gasto de 15.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Asociación de

Veciños Para a Defensa e Desenvolvemento Medioambiental de San Vicente de Argozón, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Rehabilitación de fachadas da sede social asociación”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO GASTO REFERENTE A SERVIZOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Primeiro.- *Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente a Repsol Lubricantes y Especialidades, S.A.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 18/11/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasladouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REGISTRO XERAL		CONCEPTO E Nº DE EXPEDIENTE DO GTM	IMPORTE DA FACTURA
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
Repsol Lubricantes y Especialidades, S.A.	41076027	31/07/2020	11/08/2020	2020RPE010349	Subministración ao Parque Móbil, no mes de xullo do 2020, de 14.920 kgs. de emulsión asfáltica para a reparación de vías. 2020/FAC_01/002079	4.693,83 €
TOTAL						4.693,83 €

Visto que consta:

A propia factura con entrada no Rexistro Xeral.

Dilixencia do Parque Móbil, de data 22/09/2020, de que as subministracións están verificadas, precisando o “conforme” coas cantidades e o prezo, e na que consta a conformidade da Presidencia.

Declaración responsable asinada en data 20/10/2020, polo representante de Repsol Lubricantes y Especialidades, S.A., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas, comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante todo o procedemento, e a comunicar calquera variación nas mesmas.

Memoria xustificativa de data 22/10/2020, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitida dende o Parque Móbil.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, de data 23/10/2020, no que consta a xustificación da necesidade de realización das prestacións, por parte do órgano de contratación.

Resolución da Presidencia, de data 12/11/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto de data 05/11/2020, sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2020 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2020, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese á factura que seguidamente se relaciona:

EMPRESA	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
Repsol Lubricantes y Especialidades, S.A.	41076027	31/07/2020	4.693,83 €	Subministración ao Parque Móbil, no mes de xullo do 2020, de 14.920 kgs. de emulsión asfáltica para a reparación de vías.2020/FAC_01/002079	9201.210	92020/5732
SUMA			4.693,83 €			

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Servizo de Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 4.693,83 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, e por superar as contías do contrato menor, incumprindo o artigo 29.8 e 118 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do

procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 28 de outubro do 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

ACREDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES, S.A.	41076027	31/07/20	4.693,83	9201.210
SUMA			4.693,83	

Procede informar:

Que os servizos de enchido do depósito para o CAM de Pol realizouse o 01 de xullo do 2020, do que se achega albarán de entrega do suministro.

Que a cantidade a aboar por estes servizos á empresa ascende a 1.601,66€ (C/IVE)

Que non procede a esixencia da garantía pola propia natureza das prestacións facturadas.

Que este gasto foi estritamente necesario, xa que deixar de prestar tal subministro de gas propano a granel afectaría para dispoñer de calefacción, auga quente sanitaria e alimentación dalgunhas das maquinarias de cociña e lavandaría, sendo un servizo totalmente necesario no CAM de Pol.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación, actualmente ao orzamento do exercicio 2020, informa que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería continuar a tramitación do procedemento correspondente segundo o establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións e as condicións nas que se desenvolven.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións na condicións descritas, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta Deputación para o ano 2020.

As facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020, coas mesmas condicións económicas e prestacións que no último contrato.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, prodúcese considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 202 de 3 de setembro de 2020, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo, a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible nos exercicios de referencia segundo os xa mencionados informes do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte cos informes de intervención invocados, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose

de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2020, e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministros, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

EMPRESA	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
REPSOL BUTANO, S.A. 2020/FAC_01/001616	0096034808	08/07/2020	1.601,66	Subministración de gas propano comercial no depósito fixo do Centro de Atención as persoas maiores de Pol	2315.22102	92020/4087
SUMA			1.601,66			

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministros, recoñecer as obrigas e o pagamento da seguinte factura emitida por Repsol Butano S.A., por un importe total de 1.601,66€.

EMPRESA	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
REPSOL BUTANO, S.A. 2020/FAC_01/001616	0096034808	08/07/2020	1.601,66	Subministración de gas propano comercial no depósito fixo do Centro de Atención as persoas maiores de Pol	2315.22102	92020/4087
SUMA			1.601,66			

2º.- Dar traslado deste acordo á unidade xestora.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinta.- *Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente a Bazar Terrachá S.L. ”.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 13/11/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Antecedentes

Trasládáronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE FACTURAS ENTRADA		CONCEPTO	IMPORTE
		DATA	Nº		
1912- 000000651	31/12/2019	05/05/2020	2020RPE005616	Subministración de material de ferretería para a Granxa Gayoso Castro	112,94 €
TOTAL					112,94 €

Visto que consta:

As propias facturas con Rexistro de Entrada de Facturas e con dilixencia da Dirección da Granxa Gayoso Castro de que os servizos están realizados, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformadas as facturas polo Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles.

Declaración responsable asinada en data 15/01/2020, polo representante “Bazar Terrachá S.L.”, en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memoria Xustificativa do Director da Granxa Provincial Gayoso Castro, de data 29/05/2020, xustificando o incumprimento do procedemento xurídico administrativo e a necesidade de realización das prestacións.

Informe deste Servizo, de data 29/05/2020, en relación coa necesidade de realización das prestacións incluídas en ditas facturas, incluíndo a xustificación da mesma, por parte do órgano de contratación.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas de data 07/07/2020, en relación cos límites do contrato menor nas facturas emitidas antes do 08/03/2020.

Informes do Servizo de Contabilidade e Contas de data 07/07/2020, en relación coa existencia de saldo dispoñible no exercicio de procedencia.

Resolución da Presidencia de data 06/10/2020 levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos en relación coas facturas anteriormente relacionadas.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2019 con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, de data 29/09/2020, reflíctense os seguintes antecedentes:

No punto primeiro:

“(…)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2019, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

Factura obxecto do presente informe:

Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE	APLICACIÓN	ADO
1912- 000000651 GTM 20/FAC01/995	31/12/2019	Subministración de material de ferretería para a Granxa Gayoso Castro	93,34+IVE DEDUCIBLE 19,60 TOTAL 112,94	4120.22111	92020/3860
TOTAL			112,94 €		

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Director da Granxa Provincial Gayoso Castro, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D.128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Os gastos foron realizados no exercicio 2019, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 112,94 €.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos

e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais os efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou tramites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente o, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Informase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo as consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas” e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios os reparos formulados.”

No punto segundo da Proposta de decreto:

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 28 de xullo do 2020, sobre recoñecemento de obrigas con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coas facturas emitida por Bazar Terracha S.L, con números de factura , datas das mesmas e importes que se reflexan no cadro que se inclúe debaixo e un importe total de 112,94 €, correspondentes a subministro de medicamentos e material funxible sanitario a Granja Gayoso Castro nos meses de decembro de 2019 :

Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
1912- 000000651 GTM 20/FAC01/995	31/12/2019	93,34+IVE DEDUCIBLE 19,60 TOTAL 112,94	Subministración de material de ferretería para a granxa Gayoso Castro	4120.22111	92020/3860
TOTAL 112,94 €					

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 28 de xullo de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións son os seguintes:

Subministración de diverso material de ferretería era absolutamente imprescindible para a reparación e mantemento das instalacións de Granja Gayoso.

O período de realización dos aludidos servizos foi de decembro de 2019.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 112,94 euros (IVE incluído).

Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do servizo, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería continuar a tramitación do procedemento correspondente segundo o establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións e as condicións nas que se desenvolven.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións na condicións descritas, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Recórdaselle ao Servizo da Unidade Xestora que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

As facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020, coas mesmas condicións económicas e prestacións que no último contrato.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 202 do 3 de setembro de 2020, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible no exercicio de referencia segundo os xa mencionados informes do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte cos informes de intervención invocados, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2020, e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizos, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
1912- 000000651 GTM 20/FAC01/995	31/12/2019	Subministración de material de ferretería para a Granxa Gayoso Castro	112,94 €
TOTAL			112,94 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministros, recoñecer as obrigas e o pagamento da seguinte factura emitida por Bazar Terracha, S.L., por un importe total de 112,94€:

Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
1912- 000000651 GTM 20/FAC01/995	31/12/2019	Subministración de material de ferretería para a Granxa Gayoso Castro	112,94 €
TOTAL			112,94 €

2º.- Dar traslado de este acordo á Unidade Xestora.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

Primeiro.- *Plan de seguridade e saúde de Palas de Rei.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Plan de Seguridade e Saúde da obra que se indica, presentado polo contratista adxudicatario, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e o informe emitido polo Coordinador de seguridade e saúde e conformado polo Director Facultativo das obras, o Deputado Delegado que subscribe propón á Xunta de Goberno que se adopte o seguinte acordo: :

1º.- Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación á obra que se relaciona.

2º.- Comunicar esta aprobación ao Director Facultativo e ao contratista, para o seu cumprimento durante a execución das obras .

Obra da que se aproba o Plan de Seguridade e Saúde:

Obra: Palas de Rei.- Rehabilitación superficial de firme mediante regas con gravilla da LU-P-4004 “Devesa de Rei (N-547) – Ribeira- Xende (LU-P-2901)”, P.K. 0+000 a 10+045.

Contratista: Fevisa Vias y Obras, S.L.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Plan de seguridade e saúde de Ribadeo.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o plan de Seguridade e Saude da obra que se indica, presentado por o contratista adjudicatario, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saude nas obras de construción, e informes

emitidos polos directores técnicos das obras e polos servicios Técnicos desta Excma. Deputación, o Diputado Delegado que suscribe propón á Xunta de Goberno que se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación ás obras que se relacionan.

2º.- Comunicar esta aprobación ós directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución das obras.

Obra da que se aproba o Plan de Seguridade e Saude:

Obra: Reposición de firme y dotación de aceras “LU-P-5202 “Ribadeo-Vilaselán-Alto dos Pinos (N-634)”, 0+000 al 0+406. RIBADEO

Contratista: Construcciones Isidro Otero, SL”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Plan de seguridade e saúde de Castroverde.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Visto o plan de Seguridade e Saúde das obras que se indican, presentado polo contratista adxudicatario, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informe emitido pola Coordinadora de seguridade e saúde na fase de execución, o Deputado que suscribe propón á Xunta de Goberno que se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación á obra que se relaciona.

2º.- Comunicar esta aprobación ós directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución da obra.

Obra da que se aproba o plan de seguridade e saúde no traballo:

Obra: Obras de adaptación, adecuación e reparación no Centro de Atención as Persoas Maiores de Castroverde.

Contratista: Construcciones López Urdi, S.L.

Director Técnico: A Técnico de Benestar Social e Igualdade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- DOCUMENTOS DE XESTIÓN PREVENTIVA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Documento de Xestión Preventiva do contrato de servizos que se indica, presentado polo contratista adxudicatario, en cumprimento do disposto no Prego de prescricións técnicas particulares aprobado, e o informe emitido polo Coordinador de seguridade e saúde e conformado polo Director Técnico do contrato, o Deputado Delegado que subscribe propón á Xunta de Goberno que se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o Documento de Xestión Preventiva para a súa aplicación ao contrato que se relaciona.

2º.- Comunicar esta aprobación ao Director Técnico e ao contratista, para o seu cumprimento durante a execución da prestación.

Contrato de servizos do que se aproba o documento de xestión preventiva:

Execución de diversas operacións de conservación na Rede Viaria Provincial 2019/2021.
Zona 4.

Contratista: T.A. Isidro Hnos. Blanco Trigo, S.L.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/071.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/071, correspondente á sociedade civil Los Alegres S.C. (Castro de Rei), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 2,4355 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 1.217,75 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

A sociedade civil Los Alegres S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa (a parte efectiva da actuación é de 2,0417 Has, o que supón un 83,83% da subvención concedida), emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da sociedade civil Los Alegres S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/071, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 1.020,85 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SUBSTITUCIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA, INCLUÍDO NO PLAN ÚNICO 2020.

Visto o escrito da Xefa do Servizo de Cultura, no que manifesta a non existencia dos informes de conformidade imprescindibles para a tramitación do expediente e que son emitidos polo Servizo de Intervención desta Deputación, propónse a retirada da Orde do Día deste expediente. A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda retirar o asunto da Orde do Día da presente sesión.

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SUBSTITUCIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE LOURENZÁ, INCLUÍDO NO PLAN ÚNICO 2020.

Visto o escrito da Xefa do Servizo de Cultura, no que manifesta a non existencia dos informes de conformidade imprescindibles para a tramitación do expediente e que son emitidos polo Servizo de Intervención desta Deputación, propónse a retirada da Orde do Día deste expediente. A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda retirar o asunto da Orde do Día da presente sesión.

17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SUBSTITUCIÓN DO PROGRAMA DE TURISMO DO CONCELLO DE LOURENZÁ, INCLUÍDO NO PLAN ÚNICO 2020.

Visto o escrito da Xefa do Servizo de Cultura, no que manifesta a non existencia dos informes de conformidade imprescindibles para a tramitación do expediente e que son emitidos polo Servizo de Intervención desta Deputación, propónse a retirada da Orde do Día deste expediente. A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda retirar o asunto da Orde do Día da presente sesión.

18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA INSCRICIÓN, ADMISIÓN E SELECCIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE GALICIA E OBRADOIROS DE ALIMENTACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO, PARA PARTICIPAR NO MERCADO DE NADAL 2020.

A Sr. Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández, expón que dito expediente non ten os informes de conformidade imprescindibles para a súa tramitación emitidos polo Servizo de Intervención desta Deputación e propónse a retirada da Orde do Día deste expediente. A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda retirar o asunto da Orde do Día da presente sesión.

19.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO QUE PARTICIPAN EN LIGAS OU CAMPIONATOS OFICIAIS FEDERADOS POR EQUIPOS DE 1^a OU 2^a CATEGORÍA ABSOLUTA ESTATAL, PARA OS GASTOS DE TEMPORADA 2019-2020.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o pasado 11 de setembro de 2020, lles prestou aprobación ás bases e aos modelos de solicitude que habían de rexer, no procedemento de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos da provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1^a ou 2^a categoría absoluta estatal, para os gastos de temporada 2019-2020.

Tendo en conta que o correspondente anuncio do extracto das bases, dos modelos e da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 216, do sábado 19 de setembro 2020.

Tendo en conta o previsto no punto 7º das Bases da convocatoria de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos da provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, para os gastos de temporada 2019-2020, que reflicte que se constituirá unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instructor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Tendo en conta o previsto no punto 11. Resolución e comunicación das referidas bases da convocatoria, no que se indica que a Xunta de Goberno a proposta do órgano instructor resolverá definitivamente as subvencións.

Tendo en conta que, nesta convocatoria se presentaron as solicitudes incluídas na listaxe da desagregación de orzamento que se achegan no expediente e na acta da comisión de avaliación correspondente, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión coa documentación que acompañan ás solicitudes.

Tendo en conta que para esta convocatoria os criterios empregados para a súa avaliación foron os recollidos nas normas específicas da convocatoria aprobadas polo órgano competente.

Visto que para estes efectos, se achega a listaxe na que se inclúen os solicitantes propostos para a concesión de subvencións.

Tendo en conta que, con data 12 de novembro de 2020 se constituíu a Comisión de Avaliación prevista, que acordou elevar informe de proposta de concesión de acordo co establecido nas Bases.

Tendo en conta o orzamento previsto de acordo coa base 5º da convocatoria:

ORZAMENTO	IMPORTE
CONCORRENCIA NON COMPETITIVA A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO QUE PARTICIPAN EN LIGAS OU CAMPIONATOS OFICIAIS FEDERADOS POR EQUIPOS DE 1ª OU 2ª CATEGORÍA ABSOLUTA ESTATAL, PARA OS GASTOS DE TEMPORADA 2019-2020	440.000,00 €

Por todo o indicado,

Á vista do informe da mesa de avaliación.

Á vista do informe do servizo de Deportes.

Visto o informe de Intervención.

O Deputado Delegado que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Avaliación;

Conceder as subvencións individualizadas que se mencionan na seguinte listaxe referidas os clubs deportivos e ao orzamento previsto para eles nas anteriormente citadas bases.

Entidade e importe da subvención

NOME ENTIDADE	IMPORTE	DEPORTE
ENSINO LUGO CLUB DE BALONCESTO	110.360,82	BALONCESTO
CLUB DEPORTIVO BURELA F.S.	120.793,81	FÚTBOL SALA
CLUB PELUQUERÍA MIXTA FRIOL	82.000	FÚTBOL
CLUB VOLEIBOL EMEVÉ	119.845,36	VOLEIBOL
CLUB FÚTBOL SALA FEMININO CASTRO	7.000	FÚTBOL SALA

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

20.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONES EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A

ENTIDADES O CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2020.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Tendo en conta que, A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o pasado 21 de agosto de 2020, aprobou ás bases e os modelos de solicitude que habían de rexer, no procedemento de concorrência competitiva para concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo anualidade 2020.

Tendo en conta que o extracto do acordo da Xunta de Goberno polo que se aproba a convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 199 do luns 31 de agosto de 2020.

Tendo en conta que de conformidade co punto 6º das Bases do concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo:

“...Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións”.

Tendo en conta que, nesta convocatoria se presentaron as solicitudes incluídas nas listaxes que se acompañan, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión de Avaliación coa documentación que acompañan as solicitudes para participar no concurso.

Tendo en conta que para esta convocatoria os criterios empregados para a súa avaliación e valoración foron os recollidos na norma específica do concurso trala aprobación polo órgano competente.

Tendo en conta que, para estes efectos, achéganse dúas listaxes nas que inclúen os solicitantes propostos para cadansúa liña de subvencións prevista nas bases da convocatoria e que van rubricadas para o efecto.

Tendo en conta que, con data 12 de novembro de 2020 se constituíu a Comisión de Avaliación, para informe de avaliación de solicitudes e formulación de proposta a través do órgano instrutor de concesión de subvencións e de desestimación das solicitudes que figuran como tal nas listaxes que se achegan e se anexan ao expediente sen especificar valor económico, por non se axustarse as bases do concurso ou teren presentado desistencia.

Tendo en conta que as subvencións concedidas suman os seguintes totais, de acordo coas liñas de axudas previstas e cos importes que se indican:

Subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo

FINALIDADE	IMPORTE
ACTIVIDADE COMPETITIVA FEDERADA	470.000 €
EVENTOS DEPORTIVOS	30.000 €
TOTAL	500.000 €

Por todo o exposto,

O Deputado Delegado que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Valoración;

Conceder as subvencións individualizadas que se mencionan nas listaxes que se anexan, comezando na categoría de Actividades Competitivas Federadas por Club Deportivo Biosbarido e rematando por Agrupación Deportiva Veteranos de Cospeito; e comezando na categoría de Organización de Eventos pola Asociación Deportiva Sociedade Río Cabe e rematando pola Asociación Deportiva Cultural Campus Alex Llorca como a desestimación das subvencións que así mesmo figuran nas respectivas listaxes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

21.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA ANUALIDADE 2019.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Vistos os informes emitidos pola Área de Deportes; o Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 27 de setembro de 2019, polo cal resólvese o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades deportivas na anualidade 2019, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.046, do sábado 23 de febreiro de 2019, das asociacións que se detallan na táboa, polos importes sinalados.

Categoría	Nome entidade	Nome actividade	Subvención
Actividade competitiva federada 2019	Viveiro Surfing Family	Surf	900,00 euros
Actividade competitiva federada 2019	Asociación Deportiva e Cultural San Xoan de Guitiriz	Fútbol	1.268,00 euros
Organización de eventos 2019	Asociación Deportiva e Cultural San Xoan de Guitiriz	Maratón Fútbol Sala Guitiriz Vila Termal	871,00 euros
Organización de eventos 2019	Club de Atletismo Verxel Nutrición Deportiva	Trofeo de Atletismo Nadal Verxel	871,00 euros

2º.- Notificar este acordo ao beneficiario, facéndolle saber que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa, fronte ao que se poderá interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a recepción da presente notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro

do prazo de dous meses contados desde o día seguinte a recepción da presente notificación, sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

22.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 206/2020-B.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº206/2020-B interposto por BFF Finance Iberia, S.A.U. fronte a resolución desestimatoria parcial derivada do escrito presentado pola recorrente en data 9 de xullo de 2020 ante a Deputación no que se reclamaba o cumprimento da obriga de pago dunha serie de facturas; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.

23.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

24.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.